



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 217
27 de novembro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas ao articulado formuladas ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

- 48 emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 20386) [64587](#)
- 47 emendas do G. P. de En Marea (doc. núm. 20361) [64633](#)
- 63 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 20382) [64648](#)
- 47 emendas G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 20385) [64675](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 13259 (10/PNC-001246)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar o proxecto Rugby nos cárceres [64582](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 5108 (10/PNC-000487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas de medidas ou de acompañamento, relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma [64583](#)

■ 20006 (10/PNC-001624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación cos ataques rexistrados contra o monumento que homenaxe a vítimas do franquismo e as súas familias na Volta da Moura, nos lindes dos concellos de Tui, O Porriño e Salceda de Caselas, así como a creación dunha rede de lugares da memoria democrática galega [64578](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 18211 (10/PNC-001484)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas solicitudes de autorización presentadas por Gas Galicia para a execución do proxecto de substitución do gas propano nos barrios ferroláns de Caranza e Esteiro e o pechamento das instalacións da planta da urbanización de Caranza, así como a garantía dos dereitos das persoas consumidoras dese gas en Ferrol

[64584](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 17832 (10/PNC-001463)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia á SEPI en relación coas saídas e entradas de novo persoal previstas no futuro plan industrial de Navantia para Ferrol e Fene

[64584](#)**I 19700 (10/PNC-001603)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas organizacións profesionais do sector, dunha diagnose das consecuencias e do impacto no turismo galego da vaga de incendios forestais rexistrada no ano 2017, así como a elaboración de propostas para paliar os seus posibles efectos

[64584](#)**3. Administración do Parlamento de Galicia****3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia****3.1.1. Normas e acordos**

I Resolución do letrado oficial maior, do 22 de novembro de 2017, pola que se nomean os compoñentes do Comité de intervención no procedemento para a prevención do acoso laboral e doutras discriminacións no traballo

[64585](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 24 de novembro de 2017, examina a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2017 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que se indican a continuación:

a) Documento presentado polo G. P. Popular

Documento co número de rexistro 20386.

Os Servizos Xurídicos chaman a atención en relación coas emendas seguintes, que son de dubidosa congruencia en relación co proxecto de lei:

—Emenda número 5, ao artigo 4, de adición dun novo punto oito *bis* á Lei 6/2002, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se crea unha taxa pola emisión de distintivos da actividade de arrendamento de vehículos con condutor, en coherencia coa emenda número 33.

—Emenda número 33, pola que se lle engade ao título II, «Medidas administrativas», un novo capítulo X, «Mobilidade», no que se inclúe un novo artigo 28, polo que se modifica a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, no senso de impor ás persoas titulares de autorizacións administrativas para o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor a obriga de colocar un distintivo indicativo desta actividade.

—Emenda número 35, que introduce unha nova disposición derradeira a través da cal se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, no senso de incluír un novo artigo 53 *bis*, no que lles impón ás presidencia das deputacións provinciais de Galicia o deber de comparecer na comisión parlamentaria competente en relación cos orzamentos destas entidades locais.

Os Servizos Xurídicos lembran, en relación co requisito de congruencia das emendas, que, segundo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional (SSTC 132/2013 e 59/2015, entre outras), os órganos de goberno das Cámaras deben contar cunha ampla marxe de apreciación para determinar a existencia de conexión material entre a emenda e o proxecto ou a proposición de lei obxecto de debate, debendo estes pronunciarse de forma motivada acerca da conexión, de tal sorte que só cando sexa evidente e manifesto que non existe conexión entre a emenda e o texto emendado deberá rexeitarse a emenda, posto que, en tal caso, se desvirtuaría a auténtica natureza do dereito de emenda, xa que

se convertería nunha nova iniciativa lexislativa. Cando se trata de propostas lexislativas cun contido heteroxéneo, como sucede co Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que se está a tramitar, os principios e valores que subxacen no correcto exercicio do dereito de emenda dentro do procedemento lexislativo deben ser respectados tamén na súa tramitación. E ben que é certo que neste suposto a conexión de homoxeneidade debe entenderse de modo flexible, non o é menos que a pluralidade das materias sobre as que versan estas propostas lexislativas non as converte en leis de contido indeterminado, xa que este queda delimitado no concreto texto presentado para a súa tramitación parlamentaria (SSTC 136/2011, do 13 de setembro, FX 8; e 209/2012, do 14 de novembro, FX 4). Polo tanto, non sendo necesaria unha perfecta identidade, si debe existir unha afinidade coas materias recollidas no texto emendado [STC 209/2012, do 14 de novembro, FX 4 b)]. Advirten, consonte a mesma xurisprudencia, que unha emenda manifestamente incongruente, malia que é formalmente unha emenda, sería realmente unha proposición de lei que se estaría tramitando á marxe das normas que regulan o procedemento lexislativo, o que podería afectar o dereito constitucional ao exercicio do cargo público representativo da deputada ou do deputado (STC 119/2011).

A señora vicepresidenta e o señor secretario defenden a súa congruencia e, consecuentemente, a súa admisión. A emenda 5 garda relación co capítulo II, «Tributos propios» do título I, «Medidas fiscais», posto que se pretende crear unha nova taxa. A emenda 33 garda relación co título II, «Medidas administrativas», xa que impón ás persoas titulares de autorizacións administrativas para o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor a obriga de colocar un distintivo indicativo desta actividade. A emenda 35 considéranla tamén congruente co dito título xa que persegue a racionalización do gasto, a defensa do principio de estabilidade orzamentaria das administracións públicas dentro da Comunidade Autónoma e, co coñecemento dos orzamentos das deputacións provinciais galegas, a satisfacción de intereses xerais comunitarios.

O señor presidente discrepa da opinión maioritaria. Á vista da dita xurisprudencia, considera que non existe a máis mínima afinidade ou correlación material entre o contido do proxecto de lei e as tres emendas.

b) Documentos presentados polo G. P. de En Marea

Documento co número de rexistro 20361.

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

Documento co número de rexistro 20382.

d) Documentos presentados polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego

Documento co número de rexistro 20385.

Os Servizos Xurídicos chaman a atención en relación coa emenda número 43, que é de dubidosa congruencia en relación co proxecto de lei, pola que se engade unha nova disposición adicional referida ao traspaso á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de determinadas funcións e servizos das deputacións provinciais de Galicia, como centros docentes, bibliotecas, museos, teatros, infraestruturas deportivas, servizos de emerxencias ou rede viaria principal interurbana.

Os Servizos Xurídicos reiteran o indicado anteriormente verbo das tres emendas do G. P. Popular.

A señora vicepresidenta e o señor secretario amósanse partidarios da súa admisión a trámite, posición que non é compartida polo señor presidente, en coherencia coa mantida verbo das citadas emendas 5, 3 e 35 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e con igual argumento.

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

- a) 48 emendas do G. P. Popular de Galicia.
- b) 47 emendas do G. P. de En Marea.
- c) 63 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia.
- d) 47 emendas G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Cos votos a favor da señora vicepresidenta e do señor secretario e co voto en contra do señor presidente, admitir a trámite as emendas 5, 33 e 35 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e a 43 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

3º. Admitir a trámite as restantes.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 24 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 13259 (10/PNC-001246)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para impulsar o proxecto Rugby nos cárceres

BOPG nº 166, do 31.08.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar o proxecto Rugby nos cárceres da Federación Galega de Rugby, así como calquera outro proxecto de similares características en materia deportiva ante as Institucións Penitenciarias do Estado, instándoas a dar todas as facilidades e mais a colaboración precisa para o seu desenvolvemento nos cárceres de Galicia.
2. Colaborar economicamente con este proxecto, xunto coa Federación Galega de Rugby, solicitando así mesmo a achega de Institucións Penitenciarias no financiamento deste tipo de proxectos deportivos nos cárceres galegos.
3. Difundir dende a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia esta encomiable e interesante iniciativa para darlle maior visibilidade.»

Rexeitamento da iniciativa

- 5108 (10/PNC-000487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas de medidas ou de acompañamento, relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma BOPG nº 70, do 21.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 20006 (10/PNC-001624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación cos ataques rexistrados contra o monumento que homenaxea as vítimas do franquismo e as súas familias na Volta da Moura, nos lindes dos concellos de Tui, O Porriño e Salceda de Caselas, así como a creación dunha rede de lugares da memoria democrática galega
BOPG nº 211, do 15.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 23 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 18211 (10/PNC-001484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas solicitudes de autorización presentadas por Gas Galicia para a execución do proxecto de substitución do gas propano nos barrios ferroláns de Caranza e Esteiro e o pechamento das instalacións da planta da urbanización de Caranza, así como a garantía dos dereitos das persoas consumidoras dese gas en Ferrol BOPG nº 191, do 11.10.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda instar o Goberno galego a que no procedemento administrativo que se está instruindo para a transformación de gas licuado propano e gas natural nas redes de distribución de gas dos barrios de Caranza e Esteiro, por instancia da empresa Gas Galicia SDG S. A., se leven a cabo as actuacións oportunas para determinar a viabilidade xurídica de condicionar a resolución a que as actuais subministracións de GLP se manteñan durante o tempo que o titular decida.»

Rexeitamento da iniciativa

- 17832 (10/PNC-001463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia á SEPI en relación coas saídas e entradas de novo persoal previstas no futuro plan industrial de Navantia para Ferrol e Fene BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 1 abstencións.

- 19700 (10/PNC-001603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas organizacións profesionais do sector, dunha diagnose das consecuencias e do impacto no turismo galego da vaga de incendios forestais rexistrada no ano 2017, así como a elaboración de propostas para paliar os seus posibles efectos BOPG nº 211, do 15.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Resolución do letrado oficial maior, do 22 de novembro de 2017, pola que se nomean os compoñentes do Comité de intervención no procedemento para a prevención do acoso laboral e doutras discriminacións no traballo

O Plan de prevención do acoso laboral e outras discriminacións no traballo, aprobado por acordo da Mesa do Parlamento do 27 de xuño de 2017 e publicado no BOPG núm. 138, do 30 de xuño de 2017, establece no seu apartado 5 a creación dun Comité de Intervención, «..., que estará formado por dous representantes da Administración e mais dous representantes das organizacións sindicais con presenza na Xunta de Persoal ou persoas designadas por ela. Designaranse do mesmo xeito e no mesmo número os membros suplentes deste comité», e que “Garantirase a distancia persoal e orgánica entre os membros que integran o Comité e as persoas implicadas no procedemento.»

En consecuencia, logo de solicitarlle á Xunta de Persoal a designación dos seus representantes,

RESOLVO:

1. Nomear membros do Comité de Intervención e os seus respectivos suplentes, as persoas que figuran a continuación:

Comité titular:

Pilar Marzoa Vázquez

Cándida Rodríguez Ferro

Teodoro García Rodríguez

Isabel Rodríguez López

Comité suplente:

Alfonso Couso Boán

Ignacio Cid Gómez

Carmen Pardal Pazos

Celia Lorenzo Nogueira

2. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3. Comunicarlles este nomeamento ás persoas interesadas, ao Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral e ao servizo de Persoal e Réxime Interior

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/PL-000008).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débase substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

"Engádense tres novos números catorce, quince e dezaseis ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Catorce. Dedución por rehabilitación de bens inmoables situados en centros históricos

Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmoables situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, cun límite de 9.000 euros.

Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.
- b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmoable mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 por cento do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmoable no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmoable a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.

Quince. Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra

Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as cantidades seguintes:

- a) O 20 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra.
- b) Con respecto ás mesmas entidades, poderá deducirse o 20 % das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación de capital desta.

Para ter dereito a estas deducións deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) A participación do contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, non pode ser superior ao 40 % do capital social da sociedade obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto, en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. En caso de préstamo ou garantía, non será necesaria unha participación do contribuínte no capital, pero de esta existir non pode ser superior ao 40 %, cos mesmos límites anteriores.
- b) A entidade na que hai que materializar o investimento, préstamo ou garantía debe cumprir os seguintes requisitos:
 - 1º. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.
 - 2º. Debe ter como obxecto social exclusivo a actividade agraria.
- c) As operacións nas que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.
- d) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun

prazo superior ou igual a cinco anos, sen que se poida amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal prestado. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, e non poderán ser inferiores a cinco anos.

O termo «actividade agraria» será o definido na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias. A explotación agraria deberá estar inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Esta dedución é incompatible coas recollidas nos números nove, dez e once.

Dezaseis. Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

Cando o contribuínte integrase na base impositiva xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Comunidade Autónoma de Galicia incluídas no Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017, poderá aplicarse unha dedución na cota íntegra autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O importe da devandita dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención na base liquidable.»

Emenda nº2, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 2

Débase engadir no apartado Seis un último parágrafo co seguinte texto:

“Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.”

Emenda nº3, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 2

Débese engadir no apartado Sete un último parágrafo co seguinte texto:

“Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro.”

Emenda nº4, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o punto Oito.

Emenda nº5, ao apartado 2, de Adición. Artigo 4

Engádese un novo punto Oito bis co seguinte contido:

“Oito bis. Engádese unha sublínea 21 á alínea 01 do anexo 2, que queda redactada como segue:

“21. Emisión de distintivos da actividade de arrendamento de vehículos con condutor. 20,40€

Cobrarase unha taxa por cada distintivo emitido, inicialmente ou por substitución.”

Emenda nº6, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 5

Modifícase o número Seis, que queda redactado como segue:

“Seis. No número 4 bis da disposición adicional novena engádese unha nova escala, nos seguintes termos:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de			Con carácter xeral, realizarán as seguintes funcións: - Informar e asesorar á administración e á cidadanía en asuntos tanto relacionados cos aproveitamentos piscícolas en augas continentais e os recursos cinexéticos, como coa xestión dos espazos naturais.	Titulación de Graduado en

Gardas de Recursos Naturais		C2	-Policía e custodia da riqueza ictícola e cinexética así como dos espazos naturais, formulando as denuncias que procedan no seu ámbito de actuación. - Vixilancia, custodia e mantemento das infraestruturas da consellería con competencias en materia de conservación da natureza, executadas en beneficio da riqueza piscícola e cinexética e/ou as executadas nos espazos naturais, incluída a reposición do patrimonio inmobiliario e elementos de sinalización dos espazos naturais e/ou os relacionados co aproveitamento dos recursos cinexéticos e/ou piscícolas. -Vixilancia e control dos ecosistemas, velando pola loita e/ou erradicación das posibles ameazas á biodiversidade. -Seguimento, localización, mostraxes e controis sobre os valores dos espazos naturais, especialmente daqueles que motivaron a declaración destes como espazos protexidos, de ser o caso, así como a colaboración na realización de labores de control, seguimento e mostraxe da fauna e flora silvestres. - Execución das directrices de xestión e vixilancia para o cumprimento das normas aplicables en materia de conservación e preservación dos valores dos espazos naturais, especialmente no relativo ao control do uso público destes espazos. - Calquera outra función que se lle encomende, entre as que se atopan as de apoio a outras escalas, en relación coa xestión e tutela dos recursos naturais e coa conservación do medio ambiente.	Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente
-----------------------------------	--	----	---	--

Emenda nº7, de Adición. Artigo 6

Engádesse un novo artigo 6 bis co seguinte contido:

“Artigo 6 bis. Modificación da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas

Engádesse unha disposición transitoria terceira na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas co seguinte contido:

“Disposición transitoria terceira. Consolidación emprego temporal

1. De acordo co previsto na disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e respectando os límites e requisitos fixados pola normativa básica estatal, poderase efectuar, con carácter extraordinario e por unha soa vez, co fin de conseguir a estabilidade no emprego público no ámbito do Consello de Contas de Galicia, unha convocatoria de consolidación de emprego a prazas de auxiliar administrativo do dito órgano, de carácter estrutural, dotadas orzamentariamente, e que se atopan desempeñadas interinamente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.

2. A correspondente oferta de emprego público será aprobada por acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia.

3. O proceso selectivo, que será obxecto dunha convocatoria específica, garantirá o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4. A convocatoria do proceso selectivo efectuarase polo Consello de Contas de Galicia ao abeiro da súa competencia para a selección de persoal prevista no artigo 72.3 do Regulamento de réxime interior do dito órgano. As bases do proceso selectivo serán aprobadas polo Pleno e a convocatoria realizarase pola Comisión de Goberno, de acordo co disposto no artigo 12.g) do regulamento. En relación co órgano de selección será de aplicación o disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

5. O sistema selectivo será o concurso-oposición, sendo a titulación esixida para o acceso a correspondente ao grupo C, subgrupo C2, dos grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira previstos no texto refundido da

Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. De conformidade co sinalado na disposición transitoria cuarta do dito texto refundido, o contido das probas gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto da convocatoria. Na fase de concurso valorarase, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

O proceso selectivo desenvolverase conforme ao disposto nos números 1 e 3 do artigo 61 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Será de aplicación, así mesmo, o sinalado no artigo 56.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

6. As persoas que superen o proceso selectivo serán nomeadas funcionarias de carreira do Consello de Contas, do grupo C, subgrupo C2, e tomarán posesión nos correspondentes postos da relación de postos de traballo do Consello de Contas. Estes destinos terán carácter definitivo, equivalente, a todos os efectos, aos obtidos por concurso.”

Emenda nº8, de Modificación. CAPÍTULO II

Modifícase a rúbrica do capítulo do seguinte xeito:

Onde dí: “CAPÍTULO II Urbanismo”

Debe dicir: “CAPÍTULO II Ordenación do territorio e Urbanismo”

Emenda nº9, de Adición. Artigo 7

Engádese un novo artigo 7 bis, co seguinte contido:

“Artigo 7 bis. Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

Engádese unha disposición adicional terceira na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional terceira: Vixencia dos proxectos sectoriais que impliquen a transformación e parcelación urbanística do solo.

A vixencia dos proxectos sectoriais que impliquen a transformación e parcelación urbanística do solo será a que estableza a lexislación urbanística para os plans parciais. Nestes casos, non será de aplicación o disposto no artigo 15 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.””

Emenda nº10, ao apartado Sete, de Substitución. Artigo 15

O apartado Sete queda redactado do seguinte xeito:

"Sete. Modifícase o artigo 21, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

1. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.
- c) Arredor das vivendas illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

3. As distancias mencionadas neste artigo mediranse, segundo os casos:

- a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

- b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.
 - c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais.
 - d) Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.»"
-

Emenda nº11, ao apartado Nove, de Substitución. Artigo 15

O apartado Nove queda redactado do seguinte xeito:

Nove. Modifícase o artigo 22, que queda redactado como segue:

1. As persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que remate o mes de maio de cada ano. Exceptúanse os supostos en que, pola extensión ou especial dificultade dos labores de xestión de biomasa ou retirada de especies, sexa preciso a elaboración dunha planificación anual das actuacións, que terá que ser aprobada pola Administración forestal. Esta planificación coordinarase coa actuación doutras Administracións públicas responsables da xestión da biomasa e retirada de especies respecto de infraestruturas da súa titularidade, especialmente atendendo á seguridade nas zonas de interfase urbano-forestal, consonte o establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa.

A xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas realizarase consonte os criterios establecidos por orde da consellería competente en materia forestal.

2. No suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a Administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito

prazo, poderase proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custes de xestión da biomasa e, no seu caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración, nas condicións establecidas neste precepto, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

3. Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no “Boletín Oficial do Estado” e no “Diario Oficial de Galicia”, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no “Boletín Oficial do Estado.””

4. Transcorridos os prazos sinalados neste artigo sen que a persoa responsable xestione a biomasa ou retire as especies arbóreas prohibidas, a Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interfase urbano-forestal, consonte o establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable.

Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 2, e realizarse a súa exacción desde o momento no que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria.

Para a liquidación dos custes correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda o custe dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o

caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, darase traslado da resolución na que se acorde a dita execución subsidiaria ao órgano competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador, o cal deberá proceder de inmediato á adopción do acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal se efectuará, nos termos regulados nesta lei, pola Administración que tivese realizado a execución subsidiaria.

No caso de venda das especies obxecto de comiso, os importes obtidos deberán aplicarse, pola Administración que realice tales vendas, a sufragar os gastos derivados das execucións subsidiarias da súa competencia.

Nos casos nos que, por razóns técnicas debidamente motivadas, resulte inviable que a Administración local poida realizar a execución subsidiaria, poderanse arbitrar medios de colaboración entre a administración local e a autonómica para posibilitar a execución subsidiaria. Os instrumentos de colaboración determinarán nestes casos a administración actuante e o destino dos fondos que, no seu caso, se perciban da venda das especies arbóreas.

5. Poderán delimitarse zonas de actuación prioritaria e urxente, nas cales o incumprimento polas persoas responsables das súas obrigas de xestión da biomasa vexetal ou a retirada de especies arbóreas prohibidas na data á que se refire o número 1 habilitará ás Administracións públicas competentes para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria de tales obrigas, en función da presenza de factores obxectivos de risco tales como o carácter recorrente da produción de incendios forestais na zona.

A dita delimitación efectuarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, sobre a base dunha avaliación técnica especializada das zonas a delimitar.

Sen prexuízo desta delimitación xeral, cando concorran razóns urxentes derivadas dunha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens no caso de que non se efectúe de contado a xestión da biomasa e a retirada de especies prohibidas, as Administracións Públicas poderán delimitar, mediante resolución, nas faixas da súa competencia, unha ou

varias zonas como de actuación prioritaria e urxente co fin de habilitar para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria en caso de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa ou retirada de especies prohibidas polas persoas responsables na data á que se refire o número 1 deste precepto. A delimitación provisional destas zonas de actuación prioritaria e urxente publicarase no Diario Oficial de Galicia, incluíndo un apercibimento das consecuencias establecidas nesta lei no caso de aprobación. Transcorridos 15 días a resolución delimitando as zonas publicarase no Diario Oficial de Galicia.”

6. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular.

7. A competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria regulados neste artigo corresponde ás entidades locais nos casos de incumprimento do disposto no artigo 21, así como nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e á consellaría competente en materia forestal nos demais casos.

8. Malia o previsto nos números anteriores, a consellaría competente en materia forestal poderá proceder á execución directa de traballos preventivos nas redes de faixas de xestión de biomasa establecidas nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, sen necesidade de comunicación previa nin de autorización de ningún tipo, cando se declare un incendio forestal que supoña un risco inminente para as persoas ou os bens.

9. O incumprimento das obrigas que esta lei establece pola persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos

acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poidan repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. No suposto de que a beneficiaria da expropiación fose a Administración local, poderá ceder eses terreos ao Banco de Terras de Galicia."»

Emenda nº12, de Adición. Artigo 15

Engádese un novo número Dez, co seguinte contido:

“Dez. Engádese un novo artigo 22 bis, coa seguinte redacción:

“Artigo 22 bis. Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies

Créase na consellería competente en materia de montes un fondo constituído cos importes procedentes da venda das especies arbóreas prohibidas ou ilegais derivadas das execucións subsidiarias realizadas, ante o incumprimento das obrigas das persoas responsables, pola Administración forestal e comisadas por esta. O destino deste fondo será o de sufragar os custos das execucións subsidiarias que teña que realizar a Administración forestal. ”

Emenda nº13, de Adición. Artigo 15

Engádese un novo número Once, co seguinte contido:

“Once. Engádese un novo artigo 22 ter, coa seguinte redacción:

“Artigo 22. Ter. Negocios patrimoniais de alleamento da madeira

1. A venda da madeira procedente de especies arbóreas prohibidas que proceda retirar de acordo co establecido nesta lei rexeráse polas seguintes regras e supletoriamente pola lexislación patrimonial das administracións públicas.
2. Os negocios xurídicos polos que se venda a madeira, incluíndo a súa curta e retirada a cargo do contratista, terán a consideración de privados.
3. A administración poderá estipular as cláusulas e condicións precisas, sempre que non fosen contrarias ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración. En particular, a madeira poderá agruparse en lotes por zonas por razóns económicas e de eficiencia na actuación.
4. Será suficiente a formalización destes negocios xurídicos en documento administrativo.
5. A venda da madeira deberá ir precedida dunha valoración previa para determinar o seu valor de mercado.
6. O órgano competente para allear a madeira será o alcalde, no caso de que a competencia corresponda ao concello, ou a persoa titular da dirección xeral competente en materia forestal da administración autonómica, no caso de que a competencia corresponda á administración da comunidade autónoma, sen prexuízo da posibilidade de desconcentración ou delegación.
7. O alleamento da madeira poderá realizarse mediante poxa pública, por concurso ou adxudicación directa. A forma ordinaria de alleamento será a poxa pública. Poderá acordarse a adxudicación directa cando fose declarada deserta a poxa promovida para o alleamento ou a mesma resultase errada como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario; e cando a valoración da madeira non excedese de 12.000 euros. No procedemento de adxudicación directa deberán solicitarse polo menos tres ofertas, sempre que resultase posible.
8. Cando deba procederse á retirada illada de madeira que polas súas condicións ou as do terreo en que se atope, pódase xustificar tecnicamente que o valor de venda equivale aos custos da súa extracción, poderá adxudicarse directamente a

súa retirada entregando a madeira en compensación dos indicados custos.

No caso de que os custos de extracción superen o valor en venda, a contratación das obras realizarase de acordo coa lexislación de contratos do sector público, podendo entregarse a madeira como parte da contraprestación que deba abonar a administración. Neste caso, o compromiso de gasto correspondente limitarase ao importe que se satisfaga en diñeiro ao contratista, sen ter en conta o valor da madeira. O prezo que abone a administración poderá serlle repercutido á persoa responsable como custo da execución subsidiaria.”

Emenda nº14, de Adición. Artigo 15

Engádesse un novo número Doce, co seguinte contido:

“Doce. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:

“Artigo 23. Novas edificacións en terreos forestais e en zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións

1. Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal, no que respecta á zonificación do territorio e ás zonas de alto risco de incendio que constan nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

2. As novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:

a) Asegurar a existencia dunha faixa perimetral de protección para a xestión da biomasa e retirada de especies de 50 metros de largo, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación seca e coa masa

arbórea rareada, que en ningún caso conterá especies da disposición adicional terceira, consonte os criterios que se establecerán mediante orde da consellaría competente en materia forestal.

b) Nas zonas de alto risco de incendio, será necesario adoptar medidas especiais de autoprotección pasiva da edificación ou da instalación fronte a posibles fontes de ignición procedente de incendios forestais.

c) No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.

d) Presentar ante a Administración municipal un proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais que garanta o cumprimento do que establece esta lei e a normativa que a desenvolva, así como o cumprimento do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, se é o caso.

3. No caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal, corresponderalle ao concello a súa realización, acudindo á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 22 desta lei, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador.”

Emenda nº15, de Adición. Artigo 15

Engádesse un novo número Trece, co seguinte contido:

“Trece. Modifícase o título do artigo 48, que queda redactado como segue:

“Artigo 48. “Extinción, remate, vixilancia, investigación e repercusión de gastos de incendios forestais”

Emenda nº16, de Adición. Artigo 15

Engádesse un novo número Catorce co seguinte contido:

“Catorce. Modifícase o número 9 do artigo 48, que queda redactado como segue:

“9. Sen prexuízo das responsabilidades que, de ser o caso, correspondan ás persoas autoras dos incendios forestais, a consellería competente en materia forestal repercutirá os gastos de extinción, logo da tramitación polo órgano territorial daquela do preceptivo procedemento con audiencia das persoas interesadas:

- a) Ás persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter cando incumprisen as obrigas de xestión da biomasa vexetal ou retirada de especies arbóreas que lles impón esta lei.
- b) Ás persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter cando incumprisen as distancias mínimas establecidas nesta lei e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa.
- c) Ás persoas titulares do aproveitamento de fincas concentradas ou reestruturadas que estean en estado de abandono.

O procedemento para a repercusión dos gastos de extinción iniciárase de oficio, na xefatura territorial correspondente ao municipio no que se produciu o incendio, ou, se fosen varios os municipios afectados e isto determinase a competencia de órganos distintos, polo que corresponda ao municipio con maior superficie afectada, sempre que da investigación á que se refire o número anterior se desprenda que os devanditos incumprimentos das persoas responsables ou o estado de abandono das fincas concentradas ou reestruturadas influíron na produción, na propagación ou na agravación da intensidade e nos danos provocados polo incendio forestal.

Os gastos repercutiranse ás persoas mencionadas en proporción á contribución dos incumprimentos que lles sexan imputables ou do estado de abandono das fincas concentradas ou reestruturadas á produción, á propagación ou á agravación da intensidade e aos danos provocados polo incendio forestal. A instrución e resolución do procedemento corresponderá ao mesmo órgano territorial competente para inicialo.”

Emenda nº17, de Adición. Artigo 15

Engádesse un novo número Quince co seguinte contido:

“Quince. Engádese un número 10 ao artigo 48, coa seguinte redacción:

“10. A inclusión no rexistro cartográfico e informático de superficies queimadas, recollido no número 2 do artigo 4 desta lei, terá efectos de recoñecemento oficial do incendio.”

Emenda nº18, de Adición. Artigo 15

Engádese un novo número Dezaseis co seguinte contido:

“Dezaseis. Engádese un número 4 ao artigo 53, que queda redactado como segue:

“4. O órgano competente para resolver imporá acumulativamente, no seu caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas consonte co establecido no artigo 22 desta lei. Se a madeira se tivera vendido de acordo co establecido no dito artigo, o comiso referirase ao produto obtido pola súa venda, ao cal deberá darse o destino previsto nesta lei.”

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 15

Modifícase o punto dez, do artigo 15, que pasa a ser o punto dezasete, de modificación do número 3, ao artigo 54 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

“Dezasete. Modifícase o número 3 do artigo 54, que queda redactado como segue:

“A incoación do procedemento sancionador en aplicación desta lei, por ausencia de ordenanzas municipais ao respecto, para as infraccións cometidas en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable será competencia do correspondente concello. A resolución dos expedientes pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves corresponderálle á persoa titular da

alcaldía, de conformidade co establecido no número 3 do artigo 21 ter.”

Emenda nº20, de Adición. Artigo 15

Engádese un novo número Dezaioito co seguinte contido:

“Dezaioito. Engádese unha disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

“Disposición adicional sexta.- Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia

1. De acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto determina o carácter estratéxico para o desenvolvemento económico de Galicia dos recursos forestais galegos e o interese público na conservación das masas forestais, e o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, tendo en conta a súa finalidade de protexer ás persoas e os bens afectados polos incendios forestais, e como instrumento de apoio das Redes de vixilancia e detección de incendios forestais que compoñen as Redes de defensa contra os incendios forestais de distrito forestal, a administración autonómica porá en marcha a Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia.

2. A Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia incluírá a instalación de sistemas tecnolóxicos de detección de incendios mediante cámaras ópticas nos puntos do monte galego que se determinen, coa finalidade de facilitar as tarefas de vixilancia forestal do monte galego e detección temperá de incendios, así como, no caso de detectarse lumes, permitir a visualización en directo e seguimento do avance, condicións e evolución destes a través de medios dixitais e imaxes xeoposicionadas, todo isto como mecanismo de apoio á toma de decisións óptimas polas autoridades e persoal técnico competentes para a mobilización e xestión de medios e asignación e coordinación de recursos para a extinción.

3. A instalación dos sistemas de vixilancia realizarase con preferencia en torres de telecomunicacións e infraestruturas de titularidade da administración autonómica ou do seu sector público, e priorizando os puntos que permitan a vixilancia

forestal das parroquias de Alta Actividade Incendiaria e Zonas de Alto Risco definidas no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, todo isto sen prexuízo dos medios persoais e materiais xa existentes de vixilancia.

4. A Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia poderá ir incorporando as diferentes innovacións tecnolóxicas que permita en cada momento a evolución do estado da ciencia e da técnica, como capacidade de visión nocturna e imaxes térmicas co obxecto de ir mellorando a súa efectividade e eficiencia.

5. A operación da Rede corresponderá á consellería competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e o mantemento técnico á entidade do sector público competente en materia de modernización tecnolóxica de Galicia.

6. Na implantación do proxecto adoptaranse todas as medidas técnicas, organizativa e de seguridade que sexan necesarias para asegurar a privacidade e o cumprimento da lexislación sobre protección de datos, na medida en que poidan captarse incidentalmente imaxes de persoas identificables. A estes efectos, establécese como responsable do dito tratamento a consellería competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

No marco aludido, aprobaranse medidas como o establecemento de protocolos de uso do sistema por parte do persoal técnico competente, rexistros de accesos da manipulación das cámaras, mecanismos técnicos de encriptación para a conservación das imaxes, limitación de prazos de conservación antes da súa destrución e todas aquelas outras medidas que sexan precisas para o cumprimento das normas sinaladas.

Así mesmo, as imaxes poderán ser postas a disposición da autoridade xudicial e das forzas e corpos de seguridade do Estado nos supostos previstos na normativa aplicable.”

Emenda nº21, ao apartado Tres, de Substitución. Artigo 16

O apartado Tres pasa a estar redactado do seguinte xeito:

Tres. Engádese un novo artigo 34 quater, coa seguinte redacción:

«Artigo 34 quater. Execución subsidiaria

1. Cando as fincas con vocación agraria situadas en solo rústico, contiguas ou non, poidan supoñer risco de incendios forestais, sexan habitualmente obxecto de incendios co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas a esas zonas, sempre que se manteña o seu estado de abandono, consonte co que dispón o artigo 34 bis, con carácter previo á tramitación do procedemento de declaración de perímetro abandonado, a Administración forestal poderá realizar directamente a execución subsidiaria, logo da comunicación dun requirimento previo á persoa responsable no que se lle esixa que xestione a biomasa e retire as especies arbóreas prohibidas e manteña o terreo en condicións axeitadas para previr a aparición ou propagación do lume, así como os posibles prexuízos para as explotacións colindantes.

2. O requirimento a que alude o número anterior será realizado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente ao territorio no que se sitúen os predios. No caso de que os predios abrangan varias provincias, o requirimento realizarao a persoa titular da xefatura territorial competente no territorio de maior extensión da repoboación que sexa da súa competencia.

3. No requirimento concederáselle un prazo á persoa responsable (ben como propietario dos terreos ou ben como titular do seu aproveitamento) para que realice as actuacións oportunas, que se concretarán no dito requirimento e se lle advertirá de que, de non facelo, poderá proceder á execución subsidiaria e se acordará a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas prohibidas se fóra o caso. O prazo que se concederá neste requirimento terá unha duración que variará en función da superficie afectada e as condicións desta.

4. Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable ou resulte infrutuosa a notificación do requirimento á que se refiren os números anteriores, a notificación efectuarase mediante un anuncio no “Boletín Oficial do Estado” e no “Diario Oficial de Galicia”, no que se incluírán os datos catastrais das parcelas. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no “Boletín Oficial do Estado”.

5. No caso de que a persoa requirida non realizase as actuacións oportunas no prazo concedido, a persoa titular da dirección xeral competente en materia forestal ditará unha resolución na que se acordará a execución subsidiaria pola Administración Forestal das actuacións correspondentes.

6. A Administración forestal asumirá os custes da execución subsidiaria da xestión da biomasa, sen prexuízo da súa repercusión á persoa responsable.

Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 1, e realizarse a súa exacción desde o momento no que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria.

Para a liquidación dos custes correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda o custe dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública.

Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, darase traslado da resolución na que se acorde a dita execución subsidiaria ao órgano competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador, o cal deberá proceder de inmediato á adopción do acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal se efectuará nos termos regulados no artigo 22 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

No caso de venda da madeira, os importes obtidos pasarán a formar parte do Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies creado para o efecto no artigo 22 bis da Lei 3/2007,

do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

7. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de retirada de especies. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de retirada de especies arbóreas obxecto da repoboación ilegal, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular.

8. O incumprimento das obrigas que esta lei establece pola persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poidan repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. No suposto de que a beneficiaria da expropiación fose a Administración local, poderá ceder eses terreos ao Banco de Terras de Galicia”.»

Emenda nº22, de Adición. Artigo 16

Engádese un novo número Catro co seguinte contido:

“Catro. Modifícase o artigo 39, que queda redactado como segue:

“Artigo 39. Sancións accesorias

1. As persoas responsables de infraccións moi graves deberán ser sancionadas ademais de coas multas contempladas neste título, coas seguintes sancións accesorias:

- a) Inhabilitación durante un período de dous anos para ser adxudicatarias de fincas integrantes do Banco de Terras de Galicia.
- b) Publicación nun diario de maior circulación da provincia das sancións firmes en vía administrativa e da identidade das persoas sancionadas.

2. O órgano competente para resolver impondrá acumulativamente, no seu caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas consonte co establecido no artigo 34 quater desta lei. Se a madeira se tivera vendido de acordo co establecido no dito artigo, o comiso referirase ao produto obtido pola súa venda, ao cal deberá darse o destino previsto nesta lei.”

Emenda nº23, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 17

O apartado Un pasa a ter a seguinte redacción:

“Un. Engádese un artigo 67 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 67 bis. Execución subsidiaria nas repoboacións forestais ilegais

1. Cando exista unha repoboación ilegal, a Administración forestal poderá realizar directamente a execución subsidiaria de retirada da plantación, logo da comunicación dun requirimento previo á persoa titular do dereito de aproveitamento no que se lle exixa que retire a dita repoboación forestal ilegal, nos seguintes supostos:

- a) Cando a repoboación se tiver efectuado en solos nos que estea prohibido, con especies prohibidas ou incumprindo as condicións que regula o artigo 67 desta lei.
- b) Cando a repoboación se tiver efectuado sen cumprir a existencia de autorización previa prevista no artigo 67.5 desta lei, sempre que a dita repoboación non sexa autorizable.

2. O requirimento indicado no número anterior será realizado pola persoa titular da xefatura territorial correspondente ao territorio no que se sitúe a repoboación. No caso de que a repoboación abranca varias provincias, o requirimento realizarao a persoa titular da xefatura territorial competente no territorio de maior extensión da repoboación que sexa da súa competencia.

3. No requirimento concederáselle un prazo á persoa titular do dereito de aproveitamento para que retire a repoboación, advertíndolle que, de non facelo, poderase proceder á execución subsidiaria e se acordará a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas obxecto da repoboación ilegal se fóra o caso. O prazo que se concederá neste requirimento terá unha duración que variará en función da superficie afectada pola plantación ilegal e as condicións desta, sen que en ningún caso o dito prazo poda exceder de seis meses.

No caso previsto no número 1.b) deste artigo, no requirimento comunicaráselle, así mesmo, á persoa titular do dereito do aproveitamento o criterio que determina que a repoboación non fose autorizable.

4. Cando non se poida determinar a identidade da persoa titular do aproveitamento ou resulte infrutuosa a notificación do requirimento á que se refiren os números anteriores, esta efectuarase mediante un anuncio no “Boletín Oficial do Estado” e no “Diario Oficial de Galicia”, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no “Boletín Oficial do Estado”.

5. No caso de que a persoa requirida non retirase a repoboación no prazo concedido, a persoa titular da dirección xeral en materia forestal ditará unha resolución na que acorde a execución subsidiaria pola Administración forestal do traballo de retirada da repoboación.

6. A administración forestal asumirá os custes da execución subsidiaria, sen prexuízo da súa repercusión á persoa responsable.

Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 1, e realizarse a súa

exacción desde o momento no que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria.

Para a liquidación dos custes correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda o custe dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública.

Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas obxecto de repoboación ilegal, darase traslado da resolución na que se acorde a dita execución subsidiaria ao órgano competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador, o cal deberá proceder de inmediato á adopción do acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal se efectuará nos termos regulados no artigo 22 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

No caso de venda da madeira, os importes obtidos pasarán a formar parte do Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies creado para o efecto no artigo 22 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

7. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de retirada de especies. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de retirada de especies arbóreas obxecto da repoboación ilegal, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de

domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular.

8. O incumprimento das obrigas previstas no artigo 67 por parte da persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, superen o valor catastral da parcela e non lles poidan repercutir á persoa responsable por descoñecerse a súa identidade. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. No suposto de que a beneficiaria da expropiación fose a Administración local, poderá ceder eses terreos ao Banco de Terras de Galicia."»

Emenda nº24, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 17

O apartado Dous pasa a estar redactado do seguinte xeito:

"Dous. Engádese un novo artigo 68 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 68 bis. Adecuación das masas arboradas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais

1. A Administración forestal e as demais administracións públicas que resulten competentes consonte a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa, respectivamente, velarán polo cumprimento dos réximes de distancias mínimas establecidos no anexo II desta lei e na devandita Lei 3/2007, do 9 de abril, así como pola adecuación das masas arboradas e das novas plantacións a aqueles, procurando, cando proceda, a colaboración entre todas as administracións públicas competentes.

2. En caso de incumprimento dos réximes de distancias mínimas aos que se refire o número anterior, a Administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa que resulte responsable consonte o artigo 140 desta lei ou o número 1 do artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa, segundo o que proceda, unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de retirada do arborado afectado e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, poderase proceder á execución subsidiaria a costa do obrigado e poderá acordarse a incoación do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas, se fóra o caso.

3. Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no “Boletín Oficial do Estado” e no “Diario Oficial de Galicia”, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no “Boletín Oficial do Estado”.

4. No suposto de distancias mínimas a vías de comunicación, a comunicación prevista neste artigo poderá formularse de maneira conxunta para todas as persoas responsables nun mesmo tramo daquelas mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia, no que se incluírá unha relación cos datos catastrais das parcelas afectadas. O prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.

5. Transcorridos os prazos sinalados neste artigo sen que a persoa responsable retire as especies arbóreas, a Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, sen prexuízo da repercusión dos custos á persoa responsable.

Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 2, e realizarse a súa exacción desde o momento no que se verifique o

incumprimento da obriga de retirada de especies nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria.

Para a liquidación dos custes correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda o custe dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas, darase traslado da resolución na que se acorde a dita execución subsidiaria ao órgano competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador, o cal deberá proceder de inmediato á adopción do acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal se efectuará, nos termos previstos no artigo 22 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, pola Administración que tivese realizado a execución subsidiaria.

No caso de venda das especies obxecto de comiso, os importes obtidos deberán aplicarse, pola Administración que realice tales vendas, a sufragar os gastos derivados das execucións subsidiarias da súa respectiva competencia.

Nos casos nos que, por razóns técnicas debidamente motivadas, resulte inviable que a Administración local poida realizar a execución subsidiaria, poderanse arbitrar medios de colaboración entre a administración local e a autonómica para posibilitar a execución subsidiaria. Os instrumentos de colaboración determinarán nestes casos a administración actuante e o destino dos fondos que, no seu caso, se perciban da venda das especies arbóreas.

6. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de retirada de especies. En todo caso, a administración e os seus axentes e

colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de retirada de especies arbóreas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular.

7. O incumprimento das obrigas ás que se refire este artigo pola persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de retirada de arborado que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e non lles poidan repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. No suposto de que a beneficiaria da expropiación fose a Administración local, poderá ceder eses terreos ao Banco de Terras de Galicia.”»

Emenda nº25, de Adición. Artigo 17

Engádese un apartado Seis bis, para engadir un novo artigo 122 bis á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

“Seis bis. Engádese un novo artigo 122 bis, que queda redactado como segue:

“Artigo 122 bis. Interese xeral das agrupacións de propietarios en xestión conxunta

1. Declárase de interese xeral a xestión forestal conxunta e sostible das agrupacións de propietarios ou titulares do dereitos

de uso de terreos forestais para a súa explotación conxunta co fin de impedir o abandono de parcelas forestais, especialmente cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Cando a situación da parcela impida ou dificulte a realización de infraestruturas de xestión ou defensa forestal, tales como cortalumes, pistas, puntos de auga, parques de madeira, cercados gandeiros, entre outras, que se estimen necesarias no correspondente instrumento de ordenación forestal da sociedade de fomento forestal aprobado pola administración.
- b) Cando a situación da parcela impida ou dificulte unha adecuada ordenación da superficie de xestión conxunta.
- c) Cando as parcelas constitúan un risco de incendio forestal ou de transmisión de enfermidades ou pragas fitosanitarias pola súa situación de abandono.

2. Cando se dean os supostos previstos no número anterior, as persoas titulares da propiedade ou dereito de uso das parcelas terán a opción de integrarse voluntariamente nas sociedades de fomento forestal ou de poñer as ditas parcelas a disposición do Banco de Terras de Galicia, para que este ceda o seu uso á sociedade, en condicións que permitan unha explotación e xestión forestal conxunta e sostible por parte desta.

3. No caso de que non se opte por algunha das alternativas indicadas, poderase proceder, nos supostos indicados expresamente no número 1, á expropiación forzosa, por incumprimento da súa función social, da propiedade ou dos dereitos de uso daquelas parcelas de cabida inferior a unha hectárea, susceptibles de explotación forestal, por impedir ou dificultar a explotación e xestión forestal. A beneficiaria da expropiación forzosa será a sociedade de fomento forestal correspondente.

4. A expropiación dos dereitos de uso será, como máximo, polo tempo que dure a cesión voluntaria á sociedade de fomento forestal do resto dos terreos de acordo cos seus estatutos.”

Emenda nº26, de Adición. Artigo 17

Engádese un novo número Oito ao artigo 17, co seguinte contido:

“Oito. Engádese un novo número 4 ao artigo 136, coa seguinte redacción:

“4. O órgano competente para resolver imporá acumulativamente, no seu caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas consonte co establecido no artigo 67 bis e 68 bis desta lei. Se a madeira se tivera vendido de acordo co disposto nos ditos preceptos, o comiso referirase ao produto obtido pola súa venda, ao que deberá darse o destino previsto nesta lei.”

Emenda nº27, de Adición. Artigo 17

Engádesse un novo número Nove ao artigo 17, co seguinte contido:

“Nove. Modifícanse as letras h) e i) do Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que quedan redactadas como segue:

h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros no resto de especies
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable	

Emenda nº28, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 18

O apartado Catro pasa a estar redactado do seguinte xeito:

"Catro. Modifícase o número 1 do artigo 47, que queda redactado como segue:

"1. As iniciativas de reestruturación de predios de natureza forestal e con destino a aproveitamentos forestais deberán definir a delimitación cartográfica do perímetro de reestruturación e as áreas excluídas do proceso, ademais de acreditar na solicitude que a agrupación está constituída por un mínimo de tres titulares e o dominio das terras correspondentes a cada partícipe da agrupación. En todo caso, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- a) A superficie mínima obxecto de reestruturación será de 15 hectáreas, formada por un ou varios subperímetros dentro da zona de reestruturación parcelaria.
- b) A superficie constituída polos enclaves das persoas titulares alleas á agrupación non poderá superar o 30% do conxunto das terras que serán obxecto de reestruturación.
- c) A xestión e o aproveitamento en común das parcelas de forma sustentable e viable."

Emenda nº29, de Substitución. Artigo 19

Modifícase o artigo 19, que queda redactado como segue:

"Artigo 19. Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Introdúcese na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, un novo artigo 64 bis co seguinte texto:

"Artigo 64 bis. Promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais

1. De acordo co establecido no artigo anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos

públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

2. Os convenios aos que se refire o número anterior poderán ter por obxecto, en particular, a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación por parte destas últimas de servizos sociais mediante centros de día e residencias, ou o cofinanciamento de centros de día e residencias nas condicións que neles se establezan. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou achega de medios humanos, técnicos ou financeiros e, no seu caso, das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir cos principios establecidos nesta disposición.

3. Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.”

Emenda nº30, de Substitución. Artigo 22

Substitúese o texto do artigo 22 polo seguinte:

"A Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, queda modificada como segue:

"Un. Modifícase a letra c) do número 2 do artigo 14, que queda redactada como segue:

«c) Representantes das empresas de maior achega voluntaria na demarcación de cada cámara. Estes vogais serán elixidos de entre as empresas que realizan achegas económicas voluntarias, efectivas e satisfeitas, que superen o umbral que se determine polo regulamento de réxime interior de cada cámara. O seu número representará un sexto do número total

dos vogais do pleno. A xunta electoral proclamará electas ás empresas que realicen as maiores achegas na demarcación, segundo a información facilitada pola secretaría xeral da cámara, no número de vogalías a cubrir. No caso de existir empate entre estas a xunta electoral proclamará electa á empresa con maior antigüidade no censo da Cámara e, de persistir o empate, resolverá mediante sorteo.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 15, que queda redactado como segue:

«2. Conforme o procedemento previsto no regulamento de réxime interior, o pleno da cámara poderá delegar e revogar, sen prexuízo da súa comunicación ao órgano tutelar, o exercicio das súas atribucións no comité executivo, agás as atribucións previstas nas alíneas a), b), c), e), f), h), j) e n) do número un deste artigo. No caso de cámaras que contén con plenos compostos por un número de vogais inferior a 50, non poderán ser obxecto de delegación as atribucións enumeradas nas alíneas a), b), c), e), f), g), h), i), j), k) e n) do número un deste artigo.

As delegacións en materia de xestión financeira decaerán automaticamente coa aprobación de cada orzamento anual. En calquera caso, as delegacións conferidas polo pleno non poderán exceder do seu período de mandato, e extinguíranse automaticamente no momento en que se renove o pleno da cámara.»

Tres. Suprímese a disposición derradeira primeira."

Emenda nº31, de Substitución. Artigo 26

Modifícase o artigo 26, que queda redactado como segue:

“Artigo 26. Fundacións de carácter feiral de Galicia

Nas fundacións de carácter feiral nas que concorra algunha das circunstancias previstas no número 1 do artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e nas que, sen embargo, non se cumpra o disposto no número 3 do mesmo precepto legal, os membros dos respectivos padroados designados pola Administración autonómica e/ou entidades do sector público autonómico promoverán que se adapte a composición dos ditos padroados de xeito que a designación da maioría dos membros

corresponda á Administración pública autonómica. A correspondente modificación estatutaria, de realizarse, deberá axustarse ao previsto no artigo 114 da Lei 16/2010, do Nas fundacións de carácter feiral nas que concorran algunha das circunstancias previstas no número 1 do artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e nas que, sen embargo, non se cumpra o disposto no número 3 do mesmo precepto legal, os membros dos respectivos padroados designados pola Administración autonómica e/ou entidades do sector público autonómico promoverán que se adapte a composición dos ditos padroados de xeito que a designación da maioría dos membros corresponda á Administración pública autonómica. A correspondente modificación estatutaria, de realizarse, deberá axustarse ao previsto no artigo 114 da Lei 16/2010, do 17 de decembro."

Emenda nº32, de Substitución. Artigo 27

Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

"Artigo 27. Modificación da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

Introdúcese un novo artigo 116 na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, co seguinte texto:

"Artigo 116. Convenios celebrados ao abeiro dos plans galegos de financiamento universitario

Atendido o marco temporal dos plans galegos de financiamento universitario, os convenios que se celebren ao abeiro deles poderán ter un prazo de vixencia superior aos catro anos co fin de que o dito prazo de vixencia se axuste ao período de duración de tales plans."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 27

No título de medidas administrativas, engádese un novo capítulo X co seguinte contido:

“CAPÍTULO X.

Mobilidade

Artigo 28. Modificación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

A Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 53, que queda coa seguinte redacción:

“2. As persoas titulares de autorizacións administrativas para o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas en Galicia estarán obrigadas a colocar en todos os vehículos adscritos á dita autorización un distintivo identificativo desta actividade, consonte coas condicións de deseño, emisión, uso e validez temporal que aprobará a consellería competente en materia de transportes.

En todo caso, o dito distintivo consistirá nun autoadhesivo vinilo que se deberá colocar na parte dianteira e traseira do vehículo, e será emitido aos titulares dos correspondentes títulos habilitantes polos órganos administrativos competentes para o outorgamento ou visado periódico das correspondentes autorizacións administrativas habilitantes.

Os vehículos non poderán levar ningunha publicidade nin signos externos identificativos, agás a placa relativa á súa condición de servizo público e o distintivo regulado neste artigo.”

Dous. Modifícase a letra j) do artigo 61, que queda co seguinte contido:

“j) Non dispoñer, no caso de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, do número mínimo de vehículos, ou carecer das características esixibles a estes, entre as que se inclúe a utilización do distintivo e a placa de servizo público regulados no número 2 do artigo 53.”

Tres. Incorpórase unha disposición transitoria décimo segunda coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria décimo segunda. Esixencia da dispoñibilidade dun distintivo da actividade de arrendamento de vehículos con condutor

A esixencia da disposición dun distintivo identificativo da actividade de arrendamento de vehículos con condutor establecida no número 2 do artigo 53 será esixible para o conxunto de titulares de títulos habilitantes domiciliados en Galicia ao mes da publicación da orde da consellería competente en materia de transportes pola que se establezan as súas condicións de deseño, emisión e uso, agás que na dita orde se fixe motivadamente un prazo superior, que en ningún caso poderá ser superior ao de seis meses.”

Emenda nº34, de Substitución. Disposición transitoria terceira

A disposición transitoria terceira queda redactada como segue:

“Disposición transitoria terceira. Esixibilidade das novas obrigas introducidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e no Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e repercusión dos gastos de extinción dos incendios forestais

1. Serán inmediatamente esixibles desde a entrada en vigor desta lei as novas obrigas que a nova redacción dada por esta lei á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, impón ás persoas responsables e, en particular, as que derivan das seguintes disposicións:

- a) Letra c) do número 1 do artigo 21.
- b) Número 2 do artigo 21.
- c) Letra a) do número 2 do artigo 23.

Malia o anterior, o incumprimento destas obrigas só será sancionable cando persista transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta lei, agás no caso de incumprimento das obrigas previstas no artigo 21.2 respecto de campings, gasolineras e industrias nas que se viñeran desenvolvendo actividades perigosas, ao tratarse neste último caso dun incumprimento xa constitutivo de infracción ao abeiro da normativa modificada por esta lei.

2. A repercusión dos gastos de extinción dos incendios forestais prevista na redacción dada por esta lei ao número 9 do artigo 48 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, só se poderá facer efectiva cando os incumprimentos ou circunstancias que a motivan persistisen transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

3. Establécese un prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei para a adecuación das repoboacións forestais existentes á nova distancia prevista nas letras h) e i) do Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, respecto dos últimos 20 metros dos 50 previstos para a retirada das especies distintas das frondosas do Anexo 1.”

Emenda nº35, de Substitución. Disposición derradeira primeira

A disposición derradeira primeira queda redactada como segue:

“Disposición Derradeira primeira: Modificación do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Engádese un artigo 53 bis no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, co seguinte contido:

“Artigo 53 bis. Comparecencia dos titulares da presidencia das deputacións provinciais ante a comisión parlamentaria

Sen prexuízo da competencia dos plenos das deputacións provinciais para a aprobación dos seus orzamentos en uso da súa autonomía constitucional e estatutariamente garantida, o Parlamento de Galicia tomará coñecemento deles desde a perspectiva dos intereses xerais comunitarios directamente afectados. A estes efectos, deberán comparecer ante a comisión parlamentaria competente de acordo co regulamento do Parlamento de Galicia as persoas titulares da presidencia das deputacións.”

Emenda nº36, de Substitución. Disposición derradeira segunda

A disposición derradeira segunda queda coa seguinte redacción:

“Disposición derradeira segunda. Modificacións regulamentarias

As previsións do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma na que figuran.”

Emenda nº37, de Substitución. Disposición derradeira terceira

A disposición derradeira terceira queda coa seguinte redacción:

“Disposición derradeira terceira. Refundición normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais

1. Autorízase ao Consello da Xunta para que, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, aprobe, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de incendios, un decreto lexislativo no que refunda a normativa de rango legal vixente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia constituída pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as súas modificacións.

2. A autorización á que se refire esta disposición inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñan que refundirse.”

Emenda nº38, de Adición. Disposición derradeira terceira

Engádese unha disposición derradeira cuarta, que pasa a ter o contido da actual disposición derradeira segunda, e dicir:

“Disposición derradeira cuarta. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Habílitase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei.”

Emenda nº39, de Adición. Disposición derradeira terceira

Engádese unha disposición derradeira quinta, co seguinte contido:

“Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor

Esta lei entrara en vigor o 1 de xaneiro de 2018.”

Emenda nº40, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo tres do apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

“O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas, recóllense novas deducións na cota íntegra autonómica que responden a tres obxectivos fundamentais: revitalizar e poñer en valor os centros históricos; fomentar que os contribuíntes destinen unha parte da súa renda ao investimento en empresas agrarias, sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da tena coa finalidade de mobilizar as terras e os bens rústicos desaproveitados e dinamizar a actividade económica no medio rural, fomentando a diversificación económica. o equilibrio territorial e a sustentabilidade, tanto en termos sociais como económicos, e, por último, facer efectivas as medidas aprobadas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos producidos pola oleada de fogos declarados de natureza catastrófica ou calamitosa, acontecidos en outubro do 2017.”

Emenda nº41, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo sete do apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

“O capítulo segundo, relativo aos tributos propios, está integrado por un único precepto sobre taxas no que se prevé, por unha banda, a elevación dos tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes. Destaca, polo seu impacto económico, a elevación da tarifa do canon por obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, que para o ano 2018 ascende a 0,021 €/m3.”

Emenda nº42, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo oito do apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde di: “O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en nove capítulos.”

Debe dicir: “O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en dez capítulos.”

Emenda nº43, de Adición. Exposición de motivos

Engádese un novo parágrafo once no apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

“Finalmente, introdúcese na lexislación específica do Consello de Contas de Galicia unha disposición na que se prevé, con remisión expresa á disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e aos límites e requisitos impostos pola normativa básica estatal, a convocatoria dun proceso selectivo para a consolidación de emprego temporal no ámbito do Consello de Contas de Galicia; convocatoria que terá carácter excepcional e por unha soa vez,

co obxecto de acadar a finalidade de estabilidade no emprego público. A convocatoria do dito proceso selectivo corresponderá ao Consello de Contas, ao abeiro da competencia recoñecida na súa normativa reguladora para a selección de persoal funcionario propio, e o persoal así seleccionado ostentará a condición de persoal funcionario de carreira do Consello de Contas incluído no grupo de clasificación profesional dos previstos no dito texto refundido correspondente en atención á titulación esixida para o acceso."

Emenda nº44, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o actual parágrafo once, do apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

"No capítulo II, relativo ao ordenación do territorio e urbanismo, se recollen, por unha parte, modificacións puntuais da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, co fin de dar resposta a necesidades postas de manifesto na súa aplicación. En concreto, se amplía o prazo máximo para resolver os procedementos para a fixación do xusto prezo en atención á súa complexidade, se configura ao concello como a administración á que as persoas propietarias de solo urbano consolidado deberán ceder os terreos destinados a viarios fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente e se introduce un réxime transitorio específico en relación co planeamento xeral en tramitación ou que se vaia a tramitar no caso de concellos fusionados. Por outra, se introduce unha nova disposición adicional na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, sobre a vixencia dos proxectos sectoriais que impliquen a transformación e parcelación urbanística do solo."

Emenda nº45, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo doce do apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde di: "No capítulo III, sobre patrimonio natural, se prevé a modificación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, co

fin de garantir a debida proporcionalidade na configuración e aplicación do réxime sancionador, contido na dita lei. Ademais, se recolle unha modificación puntual do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia...”

Debe dicir: “No capítulo III, sobre patrimonio natural, se prevé a modificación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, co fin de acadar respecto do réxime sancionador, contido na dita lei, a máxima conciliación na aplicación do principio de proporcionalidade. Ademais, se recolle unha modificación puntual do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, ...”

Emenda nº46, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o parágrafo vinte e catro do apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde di: “O último capítulo, relativo á materia de educación, está integrado.....”

Debe dicir: “O capítulo IX, relativo á materia de educación, está integrado.....”

Emenda nº47, de Adición. Exposición de motivos

Engádese un novo parágrafo vinte e cinco no apartado II da exposición de motivos coa seguinte redacción:

“O último capítulo, relativo á mobilidade, introduce modificacións na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, co fin de recoller expresamente nesta norma legal a obriga da utilización dun distintivo dos vehículos dedicados á actividade de arrendamento de vehículos con condutor que permita a súa doada identificación exterior e de habilitar á consellería competente en materia de transportes para a concreción do

seu deseño final así como para a concreción das condicións de utilización e emisión que resulten procedentes. A habilitación directa para a regulación destas materias por orde está xustificada polo carácter marcadamente técnico da materia obxecto de regulación.”

Emenda nº48, de Modificación. Exposición de motivos

Modifícase o actual parágrafo parágrafo vinte e cinco no apartado II da exposición de motivos, da seguinte maneira:

Onde dí: “Por último, na súa parte final, a lei contempla o réxime transitorio preciso para facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, a derogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

Debe dicir: “Na parte final da lei contéplase, por unha parte, o réxime transitorio preciso para facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, e a continuación, a derogación expresa de disposicións concretas así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela.

Por outra parte, na Disposición derradeira primeira da Lei modifícase o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro para garantir a finalidade da técnica de coordinación establecida na Disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia. Considérase necesario asegurar a adecuada toma de coñecemento polo Parlamento de Galicia dos orzamentos das Deputacións Provinciais, desde a perspectiva dos intereses xerais comunitarios directamente afectados, a través da comparecencia das persoas titulares da súa presidencia ante a comisión parlamentaria competente de acordo co regulamento do Parlamento de Galicia.

Naturalmente, esta toma de coñecemento polo Parlamento debe entenderse sen prexuízo da competencia dos plenos das Deputacións Provinciais para a aprobación dos seus orzamentos en uso da súa autonomía constitucional e estatutariamente garantida.

E por último, a lei contempla unha autorización para a refundición normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, unha habilitación para o desenvolvemento normativo da lei e a previsión sobre a súa entrada en vigor.”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/11/2017 18:04:13

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM.
EXPE. 10/PL-000008).**

Emenda nº1, ao apartado 14, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír no primeiro parágrafo do apartado "Catorce"
a seguinte expresión:

Onde di: "..., cun límite de 9.000 €"
Debe dicir: "cun límite de ata 25.000 €"

Emenda nº2, ao apartado 15.a), de Substitución. Artigo 1

Débese substituír no apartado "Quince", parágrafo sexto, letra
a), a seguinte expresión:

Onde di: "..., non pode ser superior ao 40%"
Debe dicir: "non pode ser superior ao 30%"

Emenda nº3, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir o texto do apartado "Dous. Dedución por
investimento en Sociedades de Fomento Forestal."

Emenda nº4, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir o texto do apartado "Seis. Dedución pola
afectación a actividades económicas de inmuebles en centros
históricos."

Emenda nº5, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 2

Débese suprimir o texto do apartado "Sete. Dedución pola participación nos fondos propios de entidades que exploten bens inmoables en centros históricos."

Emenda nº6, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir no punto 2. Dous. o cadro 004. Seis (Modifícase a contía do derradeiro apartado da sublínea 02 da alínea 20 do Anexo I: Solicitude de homologación a títulos de máster de ensinanza artísticas 91,90)

Emenda nº7, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir no punto 2. Dous. o cadro 005. Sete (Modifícase a sublínea 03 da alínea 20 do Anexo I que queda redactada como segue: 03 expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados.)

Emenda nº8, ao apartado Un.2, de Modificación. Artigo 5

Débese modificar no apartado Un, punto 2 a seguinte expresión:

Onde di: "debe permanecer nel un mínimo de seis meses"
Debe dicir: "debe permanecer nel un mínimo de dous anos"

Emenda nº9, ao apartado Dous.1. e), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir o apartado 1.e)

Emenda nº10, ao apartado Tres.1, de Modificación. Artigo 5

Débese substituír no apartado Tres. 1 a seguinte expresión:

Onde di: "...vinte semanas"
Debe dicir: "...vintedúas semanas"

Emenda nº11, ao apartado Catro.1, de Modificación. Artigo 5

Débase substituír no apartado Catro.1 a seguinte expresión:

Onde di: "...vinte semanas"
Debe dicir: "...vintedúas semanas"

Emenda nº12, ao apartado Cinco.1, de Modificación. Artigo 5

Débase substituír no apartado Cinco. 1 a seguinte expresión:

Onde di: "...cinco semanas"
Debe dicir: "...vintedúas semanas"

Emenda nº13, de Modificación. Artigo 6

Débase substituír no primeiro parágrafo a seguinte expresión:

Onde di: "...ata acadar"
Debe dicir: "por"

Emenda nº14, ao apartado Un.2, de Modificación. Artigo 7

Débase modificar no apartado 2 a seguinte expresión:

Onde di: "De non se adoptar acordo no prazo sinalado, entenderanse desestimadas as reclamacións por silencio negativo."
Debe dicir: "A administración ten a obriga de resolver e notificar sempre ás partes."

Emenda nº15, ao apartado Tres, de Substitución. Artigo 7

Débase substituír o texto do apartado Tres polo seguinte:

"Nos casos dos concellos fusionados seguirán vixentes os plans de ordenación urbanística aprobados, sen prexuízo da aprobación dun plan que afecte ao novo límite do termo municipal dos concellos fusionados. No caso de estar en tramitación un plan de algún dos concellos fusionados, éste continuará ata a súa finalización."

Emenda nº16, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir no apartado Un a seguinte expresión:

"e, ademais, de darse algunha das circunstancias previstas no artigo 38 desta lei, sancionaranse coa retirada da licenza de pesca e inhabilitación para obtela durante un ano,"

Emenda nº17, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir no apartado Dous a seguinte expresión:

"e un día a tres anos,"

Emenda nº18, de Substitución. Artigo 9

Débese substituír o texto do punto 1º do artigo polo seguinte:

"1º As tarefas de mantemento e conservación das infraestruturas lineais existentes no espazo natural non consideradas como permitidas, que serán debidamente autorizadas polo órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza sempre e cando NON supoñan modificacións no seu trazado e largo, se minimice todo posible impacto, se tenda a empregar técnicas o máis brandas posibles, non se afecten aos elementos clave para a conservación (hábitats, especies de interese) e se teñan en conta as determinacións establecidas no presente plan director."

Emenda nº19, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir no apartado 3 a seguinte expresión:

"e a confraría resultante deberá cumprir as condicións e prescricións da concesión ou autorización ou de calquera outra obriga exixida legal ou regulamentariamente."

Emenda nº20, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 12

Débese substituír o texto do apartado Un polo seguinte:

"11. Plans experimentais: medidas reguladoras da actividade pesqueira aplicadas nun período de tempo determinado e que teñen por obxecto novas especies, novas artes, modificación das existentes ou novas medidas de xestión, con inclusión se procede da limitación de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro."

Emenda nº21, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 12

Débese substituír o texto do apartado Dous polo seguinte:

"13. Plans de xestión anuais ou plurianuais: medidas reguladoras da actividade pesqueira aplicadas nun período de tempo determinado e dirixidas a especies que se atopen dentro dos límites biolóxicos de seguranza. Estes plans poderán incluír limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro, así como medidas técnicas e doutra clase adaptadas ás circunstancias."

Emenda nº22, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 12

Débese substituír na letra a) a seguinte expresión:

Onde di: "a) A determinación..."
Debe dicir: "a) A regulación"

Emenda nº23, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 12

Débase substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Plans de xestión anuais ou plurianuais, que poderán regular as medidas técnicas, horarios e réxime de calamento das artes de pesca e do marisqueo para as especies que se atopen dentro dos límites biolóxicos de seguranza. Estes plans, que poderán ser elaborados por proposta das entidades asociativas do sector, poderán incluír limitacións de capturas, capacidade e esforzo pesqueiro, medidas técnicas e doutra clase adaptadas ás circunstancias."

Emenda nº24, ao apartado Cinco, de Substitución. Artigo 12

Débase substituír o texto do apartado e) polo seguinte:

"e) Plans experimentais para novas especies, novas artes, modificación ou uso diferente do establecido nos plans de xestión, novas zonas ou novas medidas de xestión."

Emenda nº25, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 13

Débase substituír no apartado 4 a seguinte expresión:

Onde di: "...o período mínimo de 15 anos,"
Debe dicir: "...o período mínimo de 10 anos,"

Emenda nº26, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 13

Débase substituír no apartado 2 a seguinte expresión:

Onde di: "...15 anos."
Debe dicir: "...10 anos."

Emenda nº27, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do apartado 5 polo seguinte:

"5. No caso de que a comunidade de montes veciñais en man común así o acordase, darase preferencia a aqueles veciños comuneiros no aproveitamento dos pastos, se existise o aproveitamento por pastos, no seu arrendamento a outras persoas comuneiras que requirisen base territorial para garantir a viabilidade da explotación, sempre en termos de igualdade e de reparto equitativo do monte, sen prexuízo das cargas que lles puidesen corresponder polo aproveitamento e conservación do mesmo, e sen prexuízo de posteriores repartos, e sen que se poidan producir desequilibrios entre os mesmos comuneiros e menoscabo do monte veciñal en man común nen nas atribucións do uso do monte á comunidade."

Emenda nº28, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do apartado c) polo seguinte:

"c) Vixiar polo cumprimento da execución dos plans de mellora que se citan nos artigos 28 e 29, e no seu caso dos instrumentos de ordenación ou xestión forestais existentes."

Emenda nº32, ao apartado Seis, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do punto Seis polo seguinte:

"Artigo 30.

1. Ao terse decretado a declaración excepcional dun monte en estado de grave abandono, degradación ou sobre aproveitamento, a consellería competente en materia de montes tomará ao seu cargo no prazo de dous anos a execución do plan de xestión e mellora integral proposto, e deberá render conta da súa xestión á xunta reitora para información á asemblea anual da comunidade.

2. No suposto no que se lle teña encomendada a xestión cautelar do monte veciñal a un ente ou empresa na que o capital sexa integramente público, a execución do plan de xestión e mellora integral e a rendición de conta á que se refire o apartado anterior corresponderanlle ao mesmo ente ou empresa.

3. Os beneficios derivados do plan de mellora e aproveitamento dos montes xestionados cautelarmente, unha vez deducidos os gastos e os investimentos na xestión e mellora do monte, serán

para a comunidade. de non existir esta, serán para a parroquia ou parroquias nas que radique o monte, e no seu defecto, para o concello ou os concellos onde radique o monte, que os destinará a melloras de interese do propio monte, sociais ou de benestar, nas parroquias correspondentes.

4. En todo caso, a declaración excepcional de monte pode revogarse. O prazo no que non se pode instar a revogación será como máximo de 5 anos a contar desde a data de declaración da mesma mediante decreto.

5. De existir cesión do monte veciñal en mancomún a terceiros, dita cesión non poderá ser nunca superior aos 10 anos, devolvéndose as competencias a comunidade veciñal se existise e senon á parroquia, segundo os procedementos previstos na lei."

Emenda nº33, ao apartado Sete, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do punto Sete polo seguinte:

"Sete. Disposición adicional segunda

As comunidades propietarias de montes de veciños consorciados ou con convenios coa administración, e con independencia de que neles fosen parte os concellos ou deputacións provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.

As débedas dos consorcios realizados pola administración forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación do monte como veciñal en man común.

Se os consorcios coa administración continúan en vigor, ben na súa forma orixinal ou transformados en convenios ao abeiro da disposición derradeira terceira da lei 55/80, do 11 de novembro, e a totalidade ou parte da débeda existente no momento da clasificación fose amortizada, o importe desta devolveráselles ás comunidades en forma de investimentos que ten que realizar a administración no propio monte.

Cando o consorcio ou convenio fose resolto e liquidado, as comunidades interesadas poderán solicitar a devolución do importe das amortizacións realizadas no momento da clasificación, que será compensado pola administración en forma de investimentos materializados no propio monte ou mediante transferencia á propia comunidade.

Estes investimentos realizaranse con acordo expreso das comunidades propietarias, nun prazo máximo de 2 anos. A comunidade, no caso de non realizarse este investimento no período sinalado, poderá reclamar a súa formalización mediante transferencia bancaria.

En todo caso, aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda segundo o contemplado nesta disposición e queiran rescindir o consorcio ou convenio deberá presentar un plan de mellora e de xestión do monte, segundo as súas competencias.

A Consellería de Medio Rural elaborará un plan específico de apoio, a través da Xunta de Galicia, que se creará a tal efecto, para establecer as liñas xerais de colaboración e coordinación da administración pública autonómica coas comunidades veciñais de montes. Dito plan terá como obxectivo dotar do apoio técnico público necesario para a boa xestión e dinamización dos montes veciñais en mancomún. Neste plan terán como protagonistas os distritos forestais que terán que constar cons instrumentos persoais e materiais necesarios a tal efecto.

Este plan contará cunha liña orzamentaria específica con cargo aos orzamentos do 2018 e ata decembro do ano 2021. A tal fin elaborárase un censo, no que constarán aquelas comunidades veciñais de montes que carezan do mesmo instrumento ou plan de ordenación do monte, por non contar cos recursos suficientes para levalo a cabo.

Estas axudas que se conceden serán devoltas a partir da obtención dos primeiros beneficios pola mellora e execución dos plans de ditos montes, sen prexuízo das cantidades que deban quedar como remanente en garantía do seguimento das actividades do propio monte."

Emenda nº29, ao apartado Tres, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do punto Tres polo seguinte:

"Artigo 27. Xestión cautelar

1. Os montes veciñais en man común serán xestionados cautelarmente pola consellaría competente en materia de montes nas seguintes situacións:

a) por extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte de xeito provisional ata que, de ser o caso, se reconstituía a comunidade, e sempre e cando a parroquia onde

radique o monte non exerza o seu dereito conferido no artigo 20 desta lei.

b) cando sexa declarada a situación de estado de grave abandono ou degradación do monte veciñal, consonte o previsto nesta lei.

2. A consellaría competente en materia de montes poderá exercitar a xestión cautelar prevista no apartado 1 deste artigo directamente ou ben mediante a súa encomenda a entes ou empresas das que o capital sexa integramente público."

Emenda nº30, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do punto Catro polo seguinte:

"Artigo 28. Montes veciñais: excepcionalidade da declaración de monte en grave abandono, degradación ou sobre aproveitamento

a) entenderase por monte veciñal en estado de grave abandono, degradación ou sobre aproveitamento aquel que, de modo manifesto comprobable por signos externos, sufrise un grave deterioro ecolóxico, ou que non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou aquel que, non contando cun plan de ordenación, sufra unha extracción abusiva dos mesmos.

b) quedarán excluídos desta consideración aqueles montes veciñais en man común nos que se producen incendios e outras catástrofes naturais.

c) a estes efectos, considérase extracción abusiva dos recursos aquela intervención que se produza nun monte sen plan de ordenación, na que se produza unha explotación dun ou varios recursos por industrias sen a correspondente autorización e aprobación da comunidade veciñal de montes en man común, ou sen as preceptivas licenzas xunto ca aprobación pola xunta da comunidade veciñal de montes en man común para o aproveitamento do mesmo.

2. A Xunta de Galicia, a proposta do Consello da Xunta, e sempre con audiencia preceptiva da comunidade veciñal de montes, será competente para declarar excepcionalmente, por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono, degradación ou sobreaproveitamento.

3. A declaración excepcional en estado de grave abandono, degradación ou sobreaproveitamento. implicará a execución dun plan de mellora e aproveitamento e se for o caso o plan de ordenación. A tal efecto a Xunta consignará orzamentariamente

cantidades para a redacción e execución de ditos plans de mellora e ordenación se a comunidade non constase cos recursos para realizalos e executalos.

4. A consellería de medio rural establecerá, xunto ca representación das comunidades de montes veciñais en man común, que terán que ser consultadas preceptivamente, os indicadores obxectivos que sirvan para a determinación do estado excepcional de grave abandono, degradación ou sobreaproveitamento dos montes, con base, fundamentalmente, nos seguintes criterios:

- o grao de aproveitamento da extensión superficial;
- o grao de manifesto desuso;
- o grao de acomodación ós aproveitamentos establecidos en plans específicos de ordenación agrogandeira ou forestal, se é o caso;
- o carácter depredador das actividades extractivas dos recursos, que existirá sempre no caso de industrias que non contén cas licencias, ca aprobación da xunta de comunidade veciñal de montes en mancomún, e sempre que o monte non conte con plan de ordenación.
- e o perigo manifesto de degradación das terras. Existirá degradación das terras cando se introduzan reiteradamente repoboacións de especies invasoras, ou non específicas de Galicia, como o pino e o eucalipto. Asimesmo, establecerá as axudas para o desenvolvemento daqueles plans de mellora e outros plans como os de ordenación do monte ou forestal que permitan o aproveitamento social das comunidades veciñais en man común, sen causar prexuízos económicos á propia comunidade de montes: estas axudas devolveranse cando a comunidade obteña beneficios."

Emenda nº31, ao apartado Cinco, de Substitución. Artigo 14

Débase substituír o texto do punto Cinco polo seguinte:

"Artigo 29. Declaración excepcional do monte en estado de grave abandono, degradación ou sobre aproveitamento se existe comunidade vecinal.

A Consellería de Medio Rural acomodará a declaración excepcional de estado de grave abandono, degradación ou sobre aproveitamento ao seguinte procedemento:

- 1) Requirirá de oficio á comunidade de veciños para que presente un plan de mellora e transformación integral do monte

ou no seu caso instrumento de ordenación forestal, no que se exprese o prazo para a súa execución.

2) Requirida a comunidade, esta terá un prazo de 3 meses, prorrogable por outros 3, para presentalo referido plan de mellora ou instrumento de xestión e ordenación do monte.

3) No caso de non presentación do plan pola comunidade ou de non aprobación do presentado, a Consellería de Medio Rural procederá á elaboración dun plan de xestión e mellora integral do monte, que lle será notificado á comunidade, no prazo máximo de 3 meses, para o seu coñecemento e aprobación.

4) Transcorridos 6 meses sen que a comunidade aceptase o plan nin se chegase a fórmulas de compromiso, a Consellería de Medio Rural elevaralle a proposta ó consello da Xunta de Galicia para que o monte sexa declarado excepcionalmente en estado de grave abandono, degradación ou sobre aproveitamento.

Contra esta resolución cabe o correspondente recurso de reposición e subsidiariamente o recurso contencioso-administrativo."

Emenda nº34, ao apartado Dous.13, de Modificación. Artigo 15

Débase substituír no punto 13 a seguinte expresión:

Ond di: "...400 metros"
Debe dicir: "...500 metros"

Emenda nº40, ao apartado Nove.2, de Modificación. Artigo 15

Débase substituír no punto 2 a seguinte expresión:

Onde di: "...un prazo máximo de quince días naturais"
Debe dicir: "un prazo máximo de trinta días naturais"

Emenda nº37, ao apartado Seis.e), de Adición. Artigo 15

Débase engadir no punto e) un terceiro parágrafo co seguinte texto:

"No caso de depósitos, instalación e distribución de gas, subestacións e demais industrias, a xestión da biomasa será a aplicable derivada da súa normativa e, en todo caso, de 25 metros desde a propia infraestrutura."

Emenda nº38, ao apartado Sete.2, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o punto 2.b)

Emenda nº39, ao apartado Sete.3, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir a seguinte expresión:

"Malia o previsto na letra b) do número anterior"

Emenda nº35, ao apartado Tres.2, de Modificación. Artigo 15

Débese substituír no punto 2 a seguinte expresión:

Ond di: "...400 metros"
Debe dicir: "...500 metros"

Emenda nº36, ao apartado Catro.c), de Adición. Artigo 15

Débese engadir no punto c) despois de: "gas natural," a seguinte expresión:

"subestacións e depósitos de gas"

Emenda nº41, ao apartado Tres.3, de Adición. Artigo 16

Débese engadir no punto 3 despois de: "...e as condicións desta." a seguinte expresión:
"e da proximidade aos núcleos urbanos e rurais."

Emenda nº42, ao apartado Dous.2, de Modificación. Artigo 17

Débese substituír no punto 2 a seguinte expresión:

Onde di: "...prazo máximo de quince días naturais,"
Debe dicir: "... prazo máximo de un mes"

Emenda nº43, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 17

Débese eliminar todo o punto Seis.

Emenda nº44, ao apartado Un, de Adición. Artigo 18

Débese engadir, ao remate do punto Un o seguinte texto:

"A forma de designación dos membros deste comité e o seu funcionamento serán determinados regulamentariamente."

Emenda nº45, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir todo o punto Tres.

Emenda nº46, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir todo o punto Catro.

Emenda nº47, ao apartado 3, de Adición. Disposición derogatoria única

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"3. Queda derogada a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia."



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2017 12:39
Nº Rexistro: 20361
Data envío: 17/11/2017 12:39:20.769

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/11/2017 12:39:03

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/PL-000008).**

Emenda nº1, ao apartado Quince, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo número Quince bis, ao artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que terá o seguinte contido:

Quince -bis.- Dedución por cantidades investidas coa finalidade de paliar os danos que teñan a súa causa nos incendios forestais.

1.- Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica ata o 100 % das cantidades investidas coa finalidade de paliar os danos que teñan a súa causa nos incendios forestais. En dita contía non se incluírán as posibles cantidades percibidas por axudas ou por coberturas cubertas por seguro.

2.- Incluíranse en tales danos os que afecten a inmobles, incluídas tanto as vivendas como as súas instalacións complementarias e cerramentos - xa se corresponden a persoas propietarias ou usufrutuarias-, o enxoval doméstico, os establecementos de todo tipo, as explotacións agrícolas ou gandeiras, os medios de transporte, o aloxamento necesario como consecuencia de abandono da vivenda, así como calquera outro derivado dos incendios forestais.

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo artigo 1 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 1 bis. Tipo de gravame autonómico no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Modifícase a táboa correspondente ao artigo 4 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que pasará a ser:

Base liquidable liquidable Ata euros	Cota íntegra Tipo aplicable Euros Aplicable porcentaxe	Resto base ata
0	0	12.450,00
	9,50 %	
12.450,00	1.182,75	
7.750,00	11,75 %	
20.200,00		2.093,38
7.500,00	15,50 %	
27.700,00	3.255,88	
7.500,00	17,00 %	
35.200,00	4.530,88	12.400,00
	18,50 %	
47.600,00	6.428,88	
40.000,00	23,00 %	
60.000,00	9.428,88	40.000,00
	23,50 %	
100.000,00	18.828,88	En
adiante	25,00 %	

Emenda nº3, de Adición. Artigo 2

Débase engadir un novo artigo 2 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 2 bis. Mínimo exento no imposto sobre patrimonio.

Modifícase o artigo 13 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado do seguinte xeito:

O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual.

Emenda nº4, de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo artigo 3 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 3 – bis. Tarifas do Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

1.A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm3, á base imponible.

2. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado vía tarifas ao consumidores.

Emenda nº5, de Adición. Artigo 3

Débase engadir un novo artigo 3 ter, que terá o seguinte contido:

Artigo 3 ter. Tarifas sobre o Impostos sobre a contaminación atmosférica.

1. Modifícase o artigo 12 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, na súa táboa de tarifas, que será substituída dos seguinte xeito:

On de di:	Debe dicir
0	0
36	54
50	75
70	105
95	142
120	180
150	225
200	300

2. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa á eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado vía tarifas aos consumidores.

Emenda nº6, de Adición. Artigo 4

Débase engadir unha nova subalínea 02 bis, no número Oito do punto 2 deste artigo que terá o seguinte contido:

"02 bis. O cobro desta taxa estará condicionada á aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, no cumprimento do establecido na normativa sobre plans directores de parques nacionais."

Emenda nº8, ao apartado Dous.e), de Supresión. Artigo 5

Na letra e) do punto Dous, débese suprimir a seguinte frase:

"e) Por circunstancias excepcionais e debidamente motivadas"

Emenda nº7, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 5

No apartado Un que modifica o número 2 do artigo 91, onde di:
"... un mínimo de seis meses ..." debe dicir: "... un mínimo de
dous anos ..."

Emenda nº9, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo punto Dous bis, que terá o seguinte
contido:

"Dous bis. Regulamentariamente, previa negociación coas
organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de
empregados públicos, establecerase o procedemento que
regule a concesión das Comisións de Servizo. En todo caso
deberá garantirse o cumprimento dos principios de publicidade,
concorrenza e igualdade, así como a selección sobre a base
de criterios obxectivos".

Emenda nº10, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 5

Proponse un novo texto para o número Cinco deste artigo, que
terá o seguinte contido:

"Cinco. Nos casos de nacemento, acollemento ou adopción
dun fillo ou filla, o persoal funcionario que non estea a
gozar do permiso por parto ou por adopción ou
acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso
retribuído de cinco semanas ininterrompidas de duración, do
cal se poderá facer uso dende a data do nacemento, da
efectividade da decisión administrativa ou xudicial de
acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que
se constitúa a adopción, ata que finalice o descanso por
maternidade ou inmediatamente despois deste, sempre que se
goce do descanso correspondente. Nos casos de parto,
adopción ou acollemento múltiple, a duración deste permiso
incrementarase nunha semana máis."

Emenda nº11, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 5

No número Seis, deste artigo, dentro do cadro da escala, na columna de Funcións, débese suprimir o seguinte parágrafo:

“- Policía e custodia da riqueza ictícola e cinexética, así como dos espazos naturais, formulando as denuncias que procedan no seu ámbito de actuación”

Emenda nº12, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 5

No número Seis, deste artigo, dentro do cadro das escalas, na columna de Funcións, onde di: “- Vixilancia, custodia e mantemento das infraestruturas da consellaría ...”, debe dicir: “- Vixilancia e custodia das infraestruturas ...”

Emenda nº13, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 5

Débese engadir unha nova letra Un bis) que terá o seguinte contido:

Modifícase o número 3 do artigo 25, que queda coa seguinte redacción:

“3. O persoal funcionario interino a que fan referencia as letras e) e d) da alínea segunda do artigo 23 poderá prestar, con carácter voluntario sempre que supoña cambio de localidade, os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa en que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas cales desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, as devanditas unidades participen no ámbito de aplicación do correspondente programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado no citado artigo, ou estean afectadas polo exceso ou a acumulación de tarefas”.

Emenda nº14, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo número Seis bis, que terá o seguinte contido:

" Seis bis.

Na disposición adicional oitava, punto 1, engádese a nova escala, nos termos seguintes:

Escala de Seguridade e Saúde no Traballo. (Grupo B).
Funcións: Exercicio dos labores técnicos en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co disposto na lexislación de prevención de riscos laborais e, en particular, nos artigos 7.1 e 9.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, ou na norma que a substitúa.

Titulación requirida: Título de Técnico Superior en Prevención de Riscos Profesionais (Ciclo formativo de grao superior de Formación Profesional da familia de Instalación e Mantemento)."

Emenda nº15, ao apartado Seis ter), de Adición. Artigo 5

Débase engadir un novo número 6 ter, que terá o seguinte contido:

"Seis ter. Modifícase o número 3 da disposición adicional novena, que queda coa seguinte redacción:

I).- Modifícase o número 3 da disposición adicional novena, que queda ca seguinte redacción:

Bombeiro Forestal, especialidade xefe de bombeiros forestais/Grupo (subgrupo B) e con funcións de coordinación do persoal ao seu cargo para previr, combater e extinguir incendios de natureza forestal, así como vixilancia e mantemento das labores de prevención. Persoal que, estando en posesión da titulación correspondente, ten o seu cargo de modo persoal e directo a vixilancia e execución das tarefas de prevención e extinción de incendios. Será o responsable directo e inmediato do persoal e medios o seu cargo. Así mesmo, deberá conducir vehículos en ausencia do Bombeiro Forestal condutor cando o demanden as necesidades do servizo.

II).- Engádese na alínea 4 da disposición adicional novena, a escala de Bombeiro Forestal, especialidade Oficial de defensa contra incendios forestais (subgrupo C1). Persoal que tendo coñecemento completo das funcións a desenvolver realiza traballos e obras de prevención e extinción de incendios

forestais baixo a supervisión do seu superior, colaborando na transmisión de ardes, responsabilizándose dos medios postos á súa disposición. Conducirá vehículos cando o demanden as necesidades do servizo.

III).- Engádesse unha alínea 4 bis na disposición adicional, co seguinte contido:

"4bis. No carpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial créanse as seguintes escalas e especialidades:

- Escala de bombeiro forestal especialidade Operador de datos (Subgrupo C2). Manexo dos medios materiais para o tratamento da información tendentes á execución dos sistemas operativos dos SPDCIF. Persoal que manexa os medios materiais das oficinas do SPDCIF, para o tratamento da información, interpretando y desenvolvendo as instrucións e ardes tendentes a execución dos sistemas operativos do SPDCIF. Cando as circunstancias o requiran, poderán ser dedicados a outras funcións administrativas vinculadas a prevención e defensa contra incendios forestais.
- Escala de bombeiro forestal especialidade Emisorista (Subgrupo C2). Realización das transmisións para asegurar unha adecuada comunicación dos avisos, ordes ou instrucións dentro do servizo. Persoal que ten como función principal a realización das transmisións entre as distintas unidades do SPDCIF a través dos medios postos a súa disposición, para asegurar unha adecuada comunicación dos avisos, ordes ou instrucións dentro do servizo. Cando as circunstancias o requiran poderán ser dedicados a funcións administrativas vinculadas a prevención e defensa contra incendios forestais.
- Escala de bombeiro forestal especialidade Vixiante fixo (Subgrupo C2). Persoal que se ocupa da vixilancia de incendios, desde puntos fixos predeterminados, avisando distes mediante a utilización dos medios de comunicación postos a súa disposición e coidarán do mantemento das súas instalacións. Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado a realizar labores de apoio aos emisoristas.
- Escala de bombeiro forestal especialidade Bombeiro forestal condutor/a de motobomba (Subgrupo C2) . Persoal que ten como misión principal conducir os vehículos motobomba do servizo e o mantemento de estes en bo estado. Así mesmo poderá levar a termo obras de construción, mellora e mantemento de infraestruturas vinculadas a prevención e defensa contra incendios forestais, manexando para tal fin tractores e diferentes tipos de maquinaria mecanizada que demanden as referidas tarefas.

- Escala de bombeiro forestal especialidade Bombeiro forestal condutor/a (Subgrupo C2). Persoal que realiza funcións que existen predominantemente esforzo físico, vinculadas as labores de prevención e defensa contra incendios, ocupándose, así mesmo, de levar a termo labores silvícolas preventivas de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e apeiros de manexo manual propio de tarefas encomendadas de prevención e de defensa contra incendios.
- Escala de bombeiro forestal especialidade Bombeiro forestal (Subgrupo C2). Persoal que realiza tarefas que existen predominantemente esforzo físico, vinculadas a labores de prevención e defensa contra incendios, ocupándose, así mesmo, de levar a termo labores silvícolas preventivas de diminución da combustibilidade das masas forestais e obras de construción, mellora e mantemento da infraestrutura da citada defensa. Para tal fin, utilizarán maquinaria e apeiros de manexo manual propio de tarefas encomendadas de prevención e de defensa contra incendios.
- Escala de Oficial 2a Mecánico/a de Máquinas de Defensa Contra Incendios Forestais (Subgrupo C2). Persoal que, tendo los coñecementos que correspondan de mecanización, se ocupa das reparacións e mantemento dos vehículos e maquinaria que se poidan realizar e os medios dos parques de maquinaria dos Servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Así mesmo, deberá conducir vehículos cando o demanden las necesidades propias da súa categoría: traslado de vehículos avariados, etc."

Emenda nº16, ao apartado Seis quater), de Adición. Artigo 5

Débase engadir un novo número Seis quater, que terá o seguinte contido:

"Seis quater.

Modifícase o número 4-bis da disposición adicional novena, que queda ca seguinte redacción:

Corpo de axudantes de carácter facultativo, Escala de Auxiliares de Clínica, Subgrupo C1, cas seguintes funcións:

- Colaborar co enfermeiro/a e baixo a súa supervisión, na recollida dos datos termométricos. Igualmente, recollerá os

signos que teñan chamado a súa atención e os das espontáneas manifestacións dos enfermos sobre os seus propios síntomas, que comunicará ao responsable correspondente.

- Colaborar co enfermeiro/a no rasurado das persoas enfermas.
- Preparación de guantes, apósitos de gasa e outro material.
- Recepción dos carros de comida e distribución da mesma.
- Dar comidas aos enfermos que non podan facelo por si mesmos, salvo naqueles casos que requiran coidados especiais.
- Servir as comidas aos enfermos, atendendo á colocación e retirada de bandexas, cubertos e louzas e carros a nivel de planta.
- Feitura e arranxo das camas dos enfermos, excepto cando polo seu estado lle corresponda ao enfermeiro/a, axudándolle neste caso.
- Traslado de roupa usada á lavandería.
- Levar e poñer as cuñas aos enfermos e retiralas, tendo coidado da súa limpeza.
- Realizar a limpeza dos carros de curas e elementos materiais, vitrinas e o seu material, aparataxe clínico e de laboratorio.
- Retirar os residuos sanitarios das distintas dependencias do centro ata os puntos determinados no Plan de eliminación de residuos, establecido para o centro e normas complementarias.
- Realizar o aseo e limpeza das persoas enfermas, axudando ao enfermeiro/a cando a situación o requira.
- Por indicacións do enfermeiro/a colaborará na administración de medicamentos por vía oral e rectal, con exclusión da vía parenteral, cerciorándose da toma polo paciente, así mesmo aplicarán enemas de limpeza, salvo en casos de pacientes graves.
- Axudar ao enfermeiro/a na colocación ou fixación do paciente no lugar especial do seu tratamento.
- Controlar as posturas estáticas dos doentes, levantalos e deitalos . Controlar e axudar, no seu caso, na súa deambulación.
- Recepción de volantes e documentos e o seu rexistro correspondente para a asistencia ás persoas enfermas. Terán ao seu cargo a orientación e distribución dos ditos doentes, se for o caso.
- Control da diuresis con cambio de bolsa ou vaciado e colocar os colectores.
- En xeral, todas aquelas actividades que veñen a facilitar as funcións do médico e do enfermeiro/a, en canto non se opoñan o establecido nestas normas.
- Colaboran tamén nas actividades e programas que se realicen no ámbito comunitario."

Emenda nº17, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 7

O número Un, deste artigo débese suprimir.

Emenda nº18, de Modificación. Artigo 9

No parágrafo que empeza por "1º As tarefas de mantemento" onde di: "... sempre e cando supoñan modificación no seu trazado ...", debe dicir: "... sempre e cando non supoñan modificacións no seu trazado ..."

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 10

Na última liña deste artigo, onde di: "... entenderanse desestimadas por silencio administrativo ...", debe dicir: "...entenderanse estimadas por silencio administrativo."

Emenda nº29, ao apartado Seis.4, de Adición. Artigo 14

No número Seis deste artigo, débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

"4 bis. A incorporación pode ser igualmente solicitada de xeito voluntario por parte da comunidade veciñal propietaria do monte."

Emenda nº20, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 14

Na número Un deste artigo, no parágrafo que empeza por "5. No caso de ...", onde di: "... xestión forestal ...", debe dicir: "... xestión ..."

Emenda nº21, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 14

No número Un deste artigo débese suprimir o seguinte texto:

"... en proporción ao tamaño das súas explotacións e á superficie prevista para a distribución por lotes, sen prexuízo da nova repartición que teña que afectar a comunidade veciñal cando, por circunstancias sobrevidas, outros comuneiros precisen igualmente de base territorial para as súas explotacións e sempre nas condicións que adopte a comunidade de veciños propietaria en cada caso para evitar desequilibrios ou menoscabos na viabilidade do monte veciñal."

Emenda nº22, ao apartado Dous bis), de Modificación. Artigo 14

Débese engadir un novo número Dous bis, que terá o seguinte contido:

“Artigo 25. Funcións da Xunta de Galicia

A consellaría competente en materia de montes dará aos montes veciñais en man común, xunto con outra figuras de xestión conxunta da propiedade, carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora do monte, na prevención e defensa contra os incendios forestais e na concesión de axudas económicas para as mesmas finalidades suxeitas a plans de viabilidade económica e ao cumprimento dos instrumentos de xestión. A dita conselleaía, ademais das funcións especificamente sinaladas nesta lei desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Promover a marcaxe dos lindes entre os montes veciñais.
- b) Procura da súa conservación e integridade dos valores naturais do uso veciñal deste tipo de propiedade, vixiando polo cumprimento da execución dos instrumentos de ordenación ou xestión que se citan nos artigos 28 e 29 desta lei.
- c) Impulso e promoción do aproveitamento do monte.
- d) Asesoramento técnico ás comunidades veciñais.
- e) Labores de gardería forestal.
- f) Coidar do cumprimento do disposto nesta lei e na normativa que a desenvolva, aplicando as medidas correctoras e sancionadoras establecidas legalmente.
- g) Subscribir convenios ou contratos de xestión dirixidos a un mellor aproveitamento do monte veciñal.
- h) Defensa e xestión en caso de grave abandono ou extinción da comunidade veciñal.

i) Promover a constitución das comunidades veciñais cando estas non existan."

Emenda nº23, de Modificación. Artigo 14

Proponse unha nova redacción para o número Tres deste artigo, que terá o seguinte contido:

Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

"Artigo 27. Xestión cautelar

1. Os montes veciñais en man común serán xestionados, defendendo os seus intereses e regulando o aproveitamento do monte correspondente cautelarmente pola consellería competente en materia de montes cando non exista, se extinga ou desapareza a comunidade de veciños titular do monte, de xeito provisional, ata que, de ser o caso, se reconstitúa a comunidade, e sempre que a parroquia onde radique o monte non exerza o dereito conferido no artigo 20.

2. Tamén pasarán a ser xestionados cautelarmente pola consellería competente en materia de montes cando a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia informe que existen razóns obxectivas de índole técnica que non permitan ou limiten, total ou parcialmente, o aproveitamento forestal do monte, de acordo co previsto no artigo 30.1.

3. A consellaría competente en materia de montes poderá exercitar a xestión cautelar prevista neste artigo mediante os seus propios órganos ou mediante a súa encomenda a entidades instrumentais do sector público autonómico. Os rendementos netos, orixinados pola explotación do monte serán investidos na súa mellora e na prevención e defensa contra incendios de acordo coa lei 3/2007. Ademais, a Administración forestal encargada da xestión cautelar estará obrigada a publicar anualmente no DOG a conta de resultados de dito monte.

4. Para o reinicio da actividade da comunidade veciñal extinguida ou desaparecida deberánse cumprir os seguintes requisitos:

a) Presentación da solicitude por parte dunha Xunta Provisional do monte veciñal.

b) Acreditación da existencia dunha comunidade veciñal formada por comuneiros de pleno dereito e elección dunha Xunta Provisional consonte co dispoñe nesta Lei respecto dos órganos das comunidades veciñais.

- c) Compromiso notarial da Xunta Provisional de asunción do estado contable do monte e do instrumento de xestión forestal vixente, que de non existir, deberá ser elaborado e aprobado pola consellería competente en materia forestal.
- d) No caso de que, como consecuencia da inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade veciñal, o Banco de Terras cedera con anterioridade o uso e aproveitamento dos montes a outra persoa/entidade beneficiaria, o reinicio da actividade solicitada pola Xunta Provisional non será posible ata o remate do prazo correspondente á quenda máis longa de explotación especificada no instrumento de ordenación ou xestión forestal do monte, ou ata o prazo de 10 anos para o resto de explotacións ou actividades, salvo acordo entre as partes.”

Emenda nº24, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 14

Proponse unha nova redacción para o número Catro deste artigo:

"Catro.

Modifícase o artigo 28, que queda redactado como segue:

“Artigo 28. Montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación

1. Entenderase por monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que, de modo manifesto, sufrise un grave deterioro ecolóxico, non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva deles.

2. Corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de montes a competencia para declarar por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono ou degradación, por proposta da persoa titular da dirección xeral que teña as atribucións na mesma materia e, en todo caso, previo informe preceptivo do Banco de Terras.

3. A declaración en estado de grave abandono ou degradación implicará a execución dun instrumento de ordenación ou xestión. Polo menos o 70 % dos beneficios potenciais que poidan obterse durante este período, unha vez deducidos os gastos e investimentos, invéstiranse pola consellería competente en materia forestal na mellora do propio monte. Os

beneficios restantes serán transferidos á comunidade veciñal unha vez que esta asuma a xestión do monte.

4. Mediante decreto do Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de montes, estableceranse periodicamente os indicadores obxectivos que sirvan para a determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes, sobre a base, fundamentalmente, dos seguintes criterios:

- a) O grao de aproveitamento da extensión superficial.
- b) O grao de manifesto desuso.
- c) O grao de acomodación aos aproveitamentos establecidos en instrumentos de ordenación ou xestión, de ser o caso, independentemente de que se refira a aproveitamentos madeireiros, de pastos ou outros.
- d) O carácter depredador das actividades extractivas dos recursos.
- e) O perigo manifesto de degradación das terras.
- f) O grao de incumprimento dos instrumentos de ordenación ou xestión.
- g) O grao de incumprimento do funcionamento estatutario ou das obriga legais pola comunidade veciñal de acordo con esta lei."

Emenda nº25, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 14

No punto 1, número Cinco, letra a), onde di: "... ou xestión forestal ...", debe dicir: "... ou xestión ..."

Emenda nº26, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 14

Débese engadir un novo número Cinco bis, que terá o seguinte contido:

"Cinco bis.

Engadese un novo artigo 29 bis, que queda redactado como segue:

“Artigo 29 bis. Incapacidade da Comunidade

A consellaría competente en materia de montes asumirá, tamén, en colaboración co Banco de Terras a xestión dos montes veciñais en man común no caso de que a comunidade

veciñal así o solicite, por incapacidade para garantir unha adecuada xestión e aproveitamento do monte. Neste caso a asunción da xestión farase por un período mínimo de 10 anos. Polo menos o 70 % dos beneficios que se poidan obter neste período, unha vez deducidos gastos e investimentos, serán investidos pola propia consellaría competente en materia forestal na mellora do propio monte. Os restante beneficios serán transferidos á comunidade veciñal unha vez que esta asuma a xestión do monte."

Emenda nº27, ao apartado Seis.1, de Modificación. Artigo 14

No número Seis, segundo parágrafo do punto 1, onde di: "... xestión forestal ...", debe dicir: "... xestión ..."

Emenda nº28, ao apartado Seis.2, de Modificación. Artigo 14

No número Seis, punto 2, onde di: ... ou xestión forestal para ...", debe dicir: "... ou xestión para ..."

Emenda nº30, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 14

Débase engadir un novo númro Seis bis, que terá o seguinte contido:

"Seis bis.

"Artigo 30 bis. A reversión do monte

A reversión da xestión do monte á comunidade veciñal poderase verificar, previa solicitude e consonte aos procedementos establecidos regulamentariamente, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- No caso de estado de grave abandono ou degradación: unha vez transcorridos cinco anos e a comunidade asuma o estado contable do monte e os instrumentos de ordenación ou xestión vixentes, subrogándose, de ser necesario, nos dereitos e obrigas asumidos pola Administración.

- No caso da desaparición ou inexistencia da comunidade: unha vez transcorridos un mínimo de cinco anos, se acredite a existencia dunha comunidade veciñal e sexa elixida unha xunta reitora de acordo co disposto nesta lei. A reversión producirase

cando a comunidade asuma o estado contable do monte e os instrumentos de ordenación ou xestión vixentes, subrogándose, de ser necesario, nos dereitos e obrigas asumidos pola administración.

- No caso de solicitude da comunidade, por incapacidade: unha vez transcorridos un mínimo de cinco anos e a comunidade asuma o estado contable do monte e os instrumentos de ordenación ou xestión vixentes, subrogándose, de ser necesario, nos dereitos e obrigas asumidos pola Administración."

Emenda nº31, ao apartado Dous bis), de Adición. Artigo 15

Débase crear un novo número Dous bis, que terá o seguinte contido:

"Dous bis.

Modifícase o número 2 do artigo 14 que queda redactado como segue:

2. A elaboración do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia correspóndelle á consellaría competente en materia forestal.

A aprobación deste plan correspóndelle ao Consello da Xunta, por proposta da dita consellaría, oído o Consello Forestal de Galicia e previa remisión, ca antelación suficiente, ao Parlamento de Galicia para que poida pronunciarse de acordo co artigo 142 do seu Regulamento.

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia integrárase no Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvendo o nivel 0 de emerxencia por incendios forestais."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 15

No número Tres deste artigo, no parágrafo que empeza por: "2. A estrutura dos plans municipais ..., débese engadir despois de: "... da propiedade destas redes de faixas.", o seguinte texto: "A tal efecto a Xunta de Galicia e as administracións locais correspondentes levará a efecto convenios de colaboración,

onde se estableza o apoio técnico e económico por parte da Administración autonómica para tal fin."

Emenda nº33, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 15

No primeiro parágrafo do número Cinco deste artigo, onde di: "... deberase xestionar a biomasa ...", debe dicir: "... os titulares deberán xestionar a biomasa ..."

Emenda nº34, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 15

No punto 1, do número Sete deste artigo, onde di: "...nunha franxa de 50 metros: ...", debe dicir: "... nunha franxa de 100 metros ...".

Emenda nº36, ao apartado Sete.1, de Supresión. Artigo 15

No punto 1, letra b), número Sete, onde di: "Nos seguintes 20 metros ...", debe dicir: "... nos seguintes 50 metros ..."

Emenda nº35, ao apartado Sete.2, de Modificación. Artigo 15

No punto 2, letra a), número Sete, onde di: "... 30 metros ...", debe dicir: "... 50 metros ..."

Emenda nº37, ao apartado Sete.3, de Supresión. Artigo 15

Débase suprimir o punto 3 do número Sete.

Emenda nº38, ao apartado Oito.1, de Modificación. Artigo 15

No número Oito, punto 1, letra b) deste artigo, onde di: "... as administracións públicas ...", debe dicir: "... Xunta de Galicia ..."

Emenda nº39, ao apartado Nove.1, de Supresión. Artigo 15

No punto 1, número Nove, deste artigo, onde di: "... antes de que remate o mes de xuño de cada ano. ...", debe dicir: "... antes de que remate o mes de maio de cada ano. ..."

Emenda nº40, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Débase engadir un novo número Nove bis, que terá o seguinte contido:

Nove bis.

Modifícase o número 1 do artigo 43 que queda redactado como segue:

“ 1. Con carácter xeral, prohibese o pastoreo en todos os terreos forestais non dedicados previamente a tal cometido e que resultasen afectados por incendios forestais, nun prazo mínimo contado desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpran dous anos desde e ata que as adecuadas condicións de restauración da masa arborada, se é o caso, o permitan. Neste caso, precisarase de autorización administrativa, nos termos que se establezan a tal efecto.”

Emenda nº41, ao apartado Catro.1, de Modificación. Artigo 17

No número Catro, no primeiro parágrafo deste artigo que empeza por: "1. Os instrumentos de ordenación", onde di: "... xestión forestal ...", debe dicir: "... xestión ..."

Emenda nº42, ao apartado Cinco.3, de Modificación. Artigo 17

No número Cinco deste artigo, onde di: "... xestión forestal ...", debe dicir: "... xestión ..."

Emenda nº43, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 17

Débase crear un novo número Un bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Un bis.

Modifícase o número 3 do artigo 67 que queda redactado como segue:

"3. As repoboacións ou as sementeiras nos cultivos enerxéticos en terreo forestal, as especies utilizables e as condicións técnicas para a súa implantación en territorio forestal, regularanse por orde da consellaría competente en materia de montes."

Emenda nº44, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 19

No punto 1 deste artigo, onde di: "... e as entidades locais para a creación ...", debe dicir: "... e as entidades locais que voluntariamente así o acorden, para a creación ..."

Emenda nº46, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 19

O punto 2 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº47, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 19

O punto 3 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº48, ao apartado 3, de Adición. Artigo 19

O punto 3 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº49, de Adición. Artigo 19

Débase engadir un no artigo 19 bis, que terá o seguinte contido:

"Modifícase o artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que queda redactado como segue:

Artigo 19 bis.- Colaboración interadministrativa para as escolas infantís e centros de día

Un. Poderá establecerse un sistema de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou entidade que se subroga nos seus dereitos e obrigas, establecendo instrumentos de colaboración cos concellos e mancomunidades que voluntariamente así o decidan. En todo caso tales convenios terán que homoxeneizar as súas condicións.

Dous. Cando o obrigado ao pagamento for unha mancomunidade de municipios, os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, das débedas xeradas ao Consorcio ou ente que o substitúa polo non-pagamento das débedas.

Tres. Para establecer a participación dos concellos e mancomunidades no posible cofinanciamento das escolas infantís e dos centros de día, aplicárase o disposto no anexo I desta lei, cuxas condicións serán aplicables con efectos do 1 de xaneiro de 2017.

Catro. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do posible réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de tres meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cinco. O posible réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Seis. As entidades locais que se acollan ao réxime de cofinanciamento establecido no presente artigo para a xestión das escolas infantís e dos centros de día a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o

substitúa poderán acollerse a unha nova liquidación das cantidades pendentes de pagamento, de acordo cos novos criterios económicos fixados nesta lei, aplicados con carácter retroactivo aos anos anteriores.

Sete. Para os anteriores efectos, o Consorcio ou ente que o substitúa revisará no prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as liquidacións correspondentes aos anos anteriores practicadas e que foron remitidas aos concellos.

Oito. Ás entidades locais que opten por esta fórmula, unha vez aprobadas as novas liquidacións, aplicaráselles unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante. Co pagamento da citada cantidade daranse por cumpridas as obrigas pendentes co Consorcio.

Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de cinco anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira por estar inmerso nun plan de axuste. En todo caso, a aqueles concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaráselles nas liquidacións futuras os saldos que resulten de aplicación de acordo con esas revisións."

Emenda nº50, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir o número Catro deste artigo.

Emenda nº51, ao apartado Doce, de Supresión. Artigo 19

Débase suprimir o número Doce deste artigo.

Emenda nº52, de Supresión. Artigo 23

Débase suprimir este artigo.

Emenda nº53, de Modificación. Artigo 24

Proponse unha nova redacción para o número Un deste artigo.

Onde di:

- "a) A persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- b) A persoa representante do Consello galego de Consumidores e Usuarios."

Debe dicir:

- "a) A persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias
- b) A persoa representante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios
- c) Dous representantes das organizacións sindicais máis representativas
- d) Dous representantes das organizacións empresariais máis representativas
- e) Un representante do concello directamente afectado."

Emenda nº54, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 26

Débase suprimir o punto 2 deste artigo

Emenda nº55, de Adición. Artigo 27

Débase crear unha nova disposición adicional primeira que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional primeira. Axencia para a protección do monte de Galicia.

Un. Mediante a presente lei autorízase a creación da Axencia para a Protección do Monte de Galicia como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia rural, que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas cas actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, así como colaborar cas administracións locais nesta cuestión.

Dous. No desenvolvemento dos seus fins, a Axencia para a Protección do monte de Galicia procurará os seguintes obxectivos:

- a) A protección e defensa dos montes, levando a cabo as actuacións e exercendo as funcións de programación, aprobación, execución, avaliación e seguimentos dos plans, medidas e accións contra os incendios forestais.
- b) Elaboración de estudos e análises de causalidade e a coordinación dos medios contra os incendios forestais.
- c) Redución do numero de lumes e superficie queimada, minorando os danos ecolóxicos, económicos e sociais dos incendios forestais.
- d) Coordinación e apoio ás administracións locais, levando a cabo os mecanismos de colaboración necesarios e posibilitando os medios e fondos financeiros necesarios para o logro dos seus obxectivos.

Tres.- Os concellos poderán realizar convenios coa Axencia para a Protección do monte de Galicia, tal que por esta se leven a cabo as actuacións para o cumprimento de determinadas competencias ou funcións, entre outras, asumir os procedementos para a xestión da biomasa no ámbito das redes de franxas de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de baril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Catro. Esta axencia asumirá os medios persoais e materiais que respecto dos seus fins e obxectivos corresponden na actualidade a outros departamentos, nomeadamente os correspondentes ás unidades afectadas da consellería do Medio Rural, os cales se suprimirán nas súas estruturas no momento de creación da Axencia e quedarán integrados nela. Respetaranse en todo caso as modalidades contractuais e categorías profesionais, así como calquera outro dereito laboral, con respecto do persoal a integrar na axencia.

Cinco. O Consello da Xunta de Galicia, no prazo máximo de seis meses, procederá mediante Decreto a súa creación, así como á aprobación dos estatutos que detallen as funcións específicas que desenvolverá, e igualmente, a proposta da persoa titular da consellería de Facenda, aprobará as dotacións do seu orzamento inicial, do cal se dará conta ao Parlamento de Galicia.

Seis. O seu réxime xurídico será o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

Emenda nº56, de Adición. Artigo 27

Débase crear unha nova disposición adicional segunda que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional segunda. Axudas por danos persoais para a reparación de danos causados por incendios forestais.

As axudas persoais que teñan a súa causa nos danos producidos polos incendios forestais, non estarán condicionadas ao resultado das investigacións iniciadas nin a que se determine a existencia de intencionalidade. Congruentemente, neste sentido a Xunta de Galicia deberá procederá a modificar o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017."

Emenda nº57, de Modificación. Disposición transitoria terceira

Na parte final desta disposición onde di: "... transcorridos dous anos ...", debe dicir: "... transcorrido un ano ...".

Emenda nº58, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débase crear unha nova disposición transitoria terceira bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria terceira bis.

A Xunta de Galicia, no transcurso do primeiro trimestre do ano 2018, remitirá o Parlamento de Galicia o protocolo de actuacións e calendario, incluíndo os prazos previstos para o estudo, aportacións e conclusións, cara á aprobación do Plan Forestal de Galicia."

Emenda nº59, de Adición. Disposición transitoria quinta

Débase crear unha nova disposición transitoria quinta bis, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria quinta bis.

No prazo máximo de dous meses dende a aprobación desta lei, a Xunta de Galicia remitirá ao Parlamento de Galicia os proxectos de lei de nova tributación relativos ao imposto sobre

bolsas de plástico dun só uso, ao imposto de emisión de gases á atmosfera, ao imposto sobre instalacións que incidan no medio ambiente e ao imposto sobre grandes establecementos ou superficies comerciais. Para tal fin poderá basearse na formulación que de tales tributos xa posúen outras Comunidades Autónomas."

Emenda nº60, de Supresión. Disposición transitoria quinta

Débese engadir unha nova disposición transitoria quinta ter, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria quinta ter.

Efectividade da dedución por cantidades investidas coa finalidade de paliar os danos que teñan a súa causa nos incendios forestais.

"A dedución por cantidades investidas coa finalidade de paliar os danos que teñan a súa causa nos incendios forestais que se inclúe no artigo 1 desta lei, será xa efectiva para as declaracións correspondentes ao ano 2017."

Emenda nº61, de Adición. Disposición derogatoria única

Débese engadir un novo punto nesta disposición derogatoria única que terá o seguinte contido:

"Engádese na Disposición derogatoria, como novo apartado 1, o seguinte, debendo os números 1 e 2 do proxecto de Lei pasar a ter os números 2 e 3.

1. Queda derogada a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, agás o seu artigo 4.1.tres, que manterá a súa vixencia."

Emenda nº62, de Supresión. Disposición derogatoria única

Débese suprimir o punto 1 desta disposición.

Emenda nº63, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir esta disposición derradeira.

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/11/2017
17:12:24**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 10/PL-000008).**

Emenda nº1, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 1

Emenda de adición. Artigo 1. Dous

Engádese un novo apartado, o “Dous”, quedando redactado da seguinte maneira:

Dous. Substitúese a escala do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas, a que se refire o apartado Dous do artigo 4 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo pola seguinte:

Base liquidábel - Ata euros	Cota íntegra - Euros	Resto base liquidábel - ata euros	Tipo aplicábel - (%)
0	0	12.450	9,5
12.450	1.182,75	7.750	11,75
20.200	2.093,38	7.500	14
27.700	3.143,38	7.500	17
35.200	4.418,38	12.400	20
47.600	6.898,38	12.400	21,5
60.000	9.366,87	60.000	24,5
120.000	24.066,87	En diante	25,5

Emenda nº2, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 2

Emenda de adición. Artigo 2.Dous

Engádese un novo apartado, o “Dous”, quedando redactado da seguinte maneira:

"Dous. Modifícase o Capítulo III do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

"Artigo 13. Mínimo exento.

O mínimo exento no Imposto sobre o Patrimonio establece en 300.000 euros."

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidábel ata euros	Cota íntegra euros	Resto base liquidábel ata euros	Tipo aplicábel %
0	0	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.337,00	334.246,87	1,0
668.499,75	4.178,10	668.499,76	1,8
1.336.999,51	14.539,86	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	43.285,35	2.673.999,02	3,4
5.437.998,03	116.820,32	5.347.998,03	4,2
10.695.996,06	295.978,25	En diante	5,0

As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza poderán modificar a escala prevista neste artigo."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 4

Emenda de adición. Artigo 4 bis

Engádese un novo artigo 4 bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

"Artigo 4 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.

Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os

establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base imponible do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

Emenda nº4, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 5

Emenda de supresión. Artigo 5.Seis

Suprímese o apartado Seis do artigo 5.

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 7

Emenda de supresión. Artigo 7. Un

Suprímese o apartado Un artigo 7.

Emenda nº6, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 14

Emenda de supresión. Artigo 14.Tres

Suprímese no apartado Tres o punto 2.

Emenda nº7, ao apartado Catro , de Modificación. Artigo 14

Emenda de modificación. Artigo 14. Catro

Modifícase no apartado Catro o punto 4 que quedaría como segue:

“Mediante decreto do Consello da Xunta, regularanse os indicadores obxectivos que sirvan para a determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes, en cuxa aplicación serán oídas as comunidades titulares dos montes.”

Emenda nº8, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 14

Emenda de modificación. Artigo 14. Catro

Modifícase o apartado Catro que quedaría como segue:

“1. Entenderase por monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que, de modo manifesto, sufrise un grave deterioro ecolóxico, sempre que esta non sexa consecuencia de catástrofes naturais ou provocadas, que non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva deles, neste último caso sempre que se trate de montes veciñais que non dispoñan dun plano de ordenación”.

Emenda nº9, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 14

Emenda de supresión. Artigo 14. Cinco

Suprímese o apartado Cinco do artigo 14.

Emenda nº10, ao apartado Sete, de Supresión. Artigo 15

Emenda de supresión. Artigo 15. Sete

Suprímese, no punto sete do artigo 15, o número 3, do artigo 21, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa os incendios forestais de Galicia.

Emenda nº11, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Sete

Modifícase no punto Sete, o subapartado b) do apartado 1, que quedaría como segue:

“b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte”

Emenda nº12, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Sete

Substitúese no apartado Sete do artigo 15, o número 1, do artigo 21 a expresión “nunha franxa de 50 metros” por “nunha franxa de 100 metros”

Emenda nº13, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Sete

Modifícase o apartado Sete do artigo 15, o número 2, do artigo 21, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 100 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira."

Emenda nº14, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Nove

Modifícase no punto nove do artigo 15, o número 6 do artigo 22, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"6. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de xestión da biomasa. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular."

Emenda nº15, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Emenda de adición. Artigo 15. Nove bis

Engádese un novo apartado Nove bis, ao artigo 15, de adición dun novo artigo 22 bis á Lei 3/2007, do 9 de abril, de

prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"Artigo 22 bis. Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies

Créase na consellería competente en materia de montes un fondo constituído cos importes procedentes da venda das especies arbóreas prohibidas procedentes dos comisos realizados como consecuencia das execucións subsidiarias realizadas pola Administración forestal polo incumprimento das obrigas das persoas responsables. O destino deste fondo será o de sufragar os custos das execucións subsidiarias que teña que realizar a Administración forestal."

Emenda nº16, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Emenda de adición. Artigo 15. Nove ter

Engádese un novo apartado Nove ter, ao artigo 15, polo que se modifica o título do artigo 48 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda coa seguinte redacción:

"Nove ter. Modifícase o título do artigo 48, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que pasa a ser: "Extinción, remate, vixilancia, investigación e repercusión de gastos de incendios forestais".

Emenda nº17, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Emenda de adición. Artigo 15. Nove quater

Engádese un novo apartado Nove quater, ao artigo 15, de modificación do número 9 do artigo 48, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"9. Sen prexuízo das responsabilidades que, de ser o caso, correspondan ás persoas autoras dos incendios forestais, a consellería competente en materia forestal repercutirá os gastos de extinción, logo da tramitación polo órgano territorial

daquela do preceptivo procedemento con audiencia das persoas interesadas:

- a) As persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter cando incumprisen as obrigas de xestión da biomasa vexetal e/ou retirada de especies arbóreas que lles impón esta lei.
- b) Ás persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter cando incumprisen as distancias mínimas establecidas nesta lei e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa.
- c) Ás persoas titulares do aproveitamento de fincas concentradas ou reestruturadas que estean en estado de abandono.

O procedemento para a repercusión dos gastos de extinción iniciárase de oficio, na xefatura territorial correspondente ao municipio no que se produciu o incendio, ou, se fosen varios os municipios afectados e isto determinase a competencia de órganos distintos, polo que corresponda ao municipio con maior superficie afectada, sempre que da investigación á que se refire o número anterior se desprenda que os devanditos incumprimentos das persoas responsables ou o estado de abandono das fincas concentradas ou reestruturadas influíron na produción, na propagación ou na agravación da intensidade e os danos provocados polo incendio forestal.

Os gastos repercutiranse ás persoas mencionadas en proporción á contribución dos incumprimentos que lles sexan imputables ou do estado de abandono das fincas concentradas ou reestruturadas á produción, á propagación ou á agravación da intensidade e os danos provocados polo incendio forestal.

A instrución e resolución do procedemento corresponderá ao mesmo órgano territorial competente para inicialo."

Emenda nº18, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Emenda de adición. Artigo 15. Nove quinquies

Engádese un novo apartado Nove quinquies, ao artigo 15, polo que se engade un o número 10 ao artigo 48, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"10. A inclusión no rexistro cartográfico e informático de superficies queimadas, recollido no número 2 do artigo 4 desta lei, terá efectos de recoñecemento oficial do incendio."

Emenda nº19, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Emenda de adición. Artigo 15. Nove sexies

Engádese un novo apartado Nove sexies, ao artigo 15, de adición dun novo número 4, ao artigo 53 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"4. O órgano competente para resolver imporá acumulativamente, no seu caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas consonte co establecido no artigo 22 desta lei. Se a madeira se tivera alleado de acordo co establecido nesta lei, o comiso referirase ao produto obtido pola súa venda."

Emenda nº20, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 15

Emenda de adición. Artigo 15. Nove

Engádese un novo número 5 bis ao artigo 22, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"5 bis. O incumprimento das obrigas que esta lei establece pola persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poidan repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito

os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública."

Emenda nº21, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Nove

Modifícase no apartado Nove do artigo 15, no apartado 1 do artigo 22, que quedaría como segue:

"antes de que remate o mes de xuño de cada ano" por "antes de que remate o mes de maio de cada ano".

Emenda nº22, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Nove

Modifícase no punto Nove, do artigo 15, o número 2 do artigo 22, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. No suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a Administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, poderase proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custes de xestión da biomasa e, no seu caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración, nas condicións establecidas neste precepto, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda."

Emenda nº23, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Nove

Modifícase no punto nove, do artigo 15, o número 4 do artigo 22, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"4. Transcorridos os prazos sinalados neste artigo sen que a persoa responsable xestione a biomasa ou retire as especies arbóreas prohibidas, a Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interfase urbano-forestal, consonte o establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substituíra, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable. Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 2, e realizarse a súa exacción desde o momento no que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria. Para a liquidación dos custes correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta o a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda o custe dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, a resolución na que se acorde incluíra o inicio do correspondente procedemento sancionador e a medida cautelar de comiso das indicadas especies. A Administración poderá, mediante os seus propios órganos ou a través dos seus medios propios instrumentais e servizos técnicos, allear a madeira resultante e aplicar o prezo obtido ao destino establecido nesta lei."

Emenda nº24, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 15

Emenda de modificación. Artigo 15. Nove

Modifícase no punto nove, do artigo 15, o número 5 do artigo 22, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:

"5. Poderán delimitarse zonas de actuación prioritaria e urxente, nas cales o incumprimento polas persoas responsables das súas obrigas de xestión da biomasa vexetal ou retirada de especies arbóreas prohibidas na data á que se refire o número 1 habilitará ás Administracións públicas competentes para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria de tales obrigas, en función da presenza de factores obxectivos de risco tales como o carácter recorrente da produción de incendios forestais na zona.

A dita delimitación efectuarase por Decreto do Consello da Xunta de Galicia, sobre a base dunha avaliación técnica especializada das zonas a delimitar.

Sen prexuízo desta delimitación xeral, cando concorran razóns urxentes derivadas dunha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens no caso de que non se efectúe de contado a xestión da biomasa, as Administracións Públicas poderán delimitar mediante resolución, nas faixas da súa competencia, unha ou varias zonas como de actuación prioritaria e urxente co fin de habilitar para proceder de maneira inmediata á execución subsidiaria en caso de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa ou retirada de especies de especies prohibidas polas persoas responsables na data á que se refire o número I deste precepto. A delimitación provisional destas zonas de actuación prioritaria e urxente publicárase no Diario Oficial de Galicia, incluíndo un apercibimento das consecuencias establecidas nesta lei no caso de aprobación. Transcorridos 15 días a resolución delimitando as zonas publicárase no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº25, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 16

Emenda de modificación. Artigo 16. Tres

Modifícase no apartado Tres, do artigo 16, o número 1 do artigo 34 quater, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"1. Cando as fincas con vocación agraria situadas en solo rústico, contiguas ou non, poidan supoñer risco de incendios forestais, sexan habitualmente obxecto de incendios co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas a esas zonas, sempre que se manteña o seu estado de abandono, consonte co que dispón o artigo 34 bis, con carácter previo á tramitación do procedemento de declaración de perímetro abandonado, a Administración forestal poderá realizar directamente a execución subsidiaria, logo da comunicación dun requirimento previo á persoa responsable no que se lle esixa que xestione a biomasa e manteña o terreo en condicións axeitadas para previr a aparición ou propagación do lume, así como os posibles prexuízos para as explotacións colindantes."

Emenda nº26, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 16

Emenda nº , de modificación. Artigo 16. Tres

Modifícase no apartado Tres, do artigo 16, o número 3 do artigo 34 quater, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"3. No requirimento concederáselle un prazo á persoa responsable (ben como propietario dos terreos ou ben como titular do seu aproveitamento) para que realice as actuacións oportunas, que se concretarán no dito requirimento e se lle advertirá de que, de non facelo, poderá proceder á execución subsidiaria e se acordará a instrución do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas prohibidas se fóra o caso, O prazo que se concederá neste requirimento terá unha duración que variará en función da superficie afectada e as condicións desta"

Emenda nº27, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 16

Emenda de modificación. Artigo 16. Tres

Modifícase no apartado Tres, do artigo 16, o número 5 do artigo 34 quater, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"5. No caso de que a persoa requirida non realizase as actuacións oportunas no prazo concedido, a persoa titular da dirección xeral competente en materia forestal ditará unha resolución na que se acordará a execución subsidiaria pola Administración Forestal das actuacións correspondentes."

Emenda nº28, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 16

Emenda de modificación. Artigo 16. Tres

Modifícase no apartado Tres do artigo 16, o número 6 do artigo 34 quater, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"6. A Administración forestal asumirá os custes da execución subsidiaria da xestión da biomasa, sen prexuízo da súa repercusión á persoa responsable.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, a resolución na que se acorde incluírá o inicio do correspondente procedemento sancionador e a medida cautelar de comiso das indicadas especies. A Administración poderá, mediante os seus propios órganos ou a través dos seus medios propios instrumentais e servizos técnicos, allear a madeira resultante.

Os importes obtidos polo alleamento da madeira pasarán a formar parte do Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies creado para o efecto no artigo 22 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza".

Emenda nº29, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 16

Emenda de modificación. Artigo 16. Tres

No apartado Tres do artigo 16, modifícase o número 7 do artigo 34 quater, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"7. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de xestión da biomasa. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular."

Emenda nº30, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 16

Emenda de modificación. Artigo 16. Tres

No apartado Tres do artigo 16, modifícase o número 8 do artigo 34 quater, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"8. O incumprimento das obrigas que esta lei establece pola persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poidan repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa

propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública."

Emenda nº31, ao apartado Catro, de Adición. Artigo 16

Emenda de adición. Artigo 16. Catro

Engádesse un novo apartado Catro, no artigo 16, de modificación do artigo 39, da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, que queda redactado como segue:

"Artigo 39. Sancións accesorias

1. As persoas responsables de infraccións moi graves deberán ser sancionadas ademais de coas multas contempladas neste título, coas seguintes sancións accesorias:

- a) Inhabilitación durante un período de dous anos para ser adxudicatarias de fincas integrantes do Banco de Terras de Galicia.
- b) Publicación nun diario de maior circulación da provincia das sancións firmes en vía administrativa e da identidade das persoas sancionadas.

2. O órgano competente para resolver impondrá acumulativamente, no seu caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas consonte co establecido no artigo 34 quater desta lei. Se a madeira se tivera alleado de acordo co establecido nesta lei, o comiso referirase ao produto obtido pola súa venda."

Emenda nº32, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Un

Modifícase no apartado Un, do artigo 17, o número 3 do artigo 67 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"3, No requirimento concederáselle un prazo á persoa titular do dereito de aproveitamento para que retire a repoboación,

advertíndolle que, de non facelo, poderase proceder á execución subsidiaria e se acordará a instrución do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas prohibidas se fóra o caso. O prazo que se concederá neste requirimento terá unha duración que variará en función da superficie afectada pola plantación ilegal e as condicións desta, sen que en ningún caso o dito prazo poda exceder de seis meses.

No caso previsto no número l.b) deste artigo, no requirimento comunicaráselle, así mesmo, á persoa titular do dereito do aproveitamento o criterio que determina que a repoboación non fose autorizable."

Emenda nº33, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Un

Modifícase no apartado Un, do artigo 17, o número 6 do artigo 67 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"6. A administración forestal asumirá os custes da execución subsidiaria, sen prexuízo da súa repercusión á persoa responsable.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, a resolución na que se acorde incluírá o inicio do correspondente procedemento sancionador e a medida cautelar de comiso das indicadas especies. A Administración poderá, mediante os seus propios órganos ou a través dos seus medios propios instrumentais e servizos técnicos, allear a madeira resultante.

Os importes obtidos polas execucións subsidiarias que realice a Administración forestal pasarán a formar parte do Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies creado para o efecto no artigo 22 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

A resolución que declare a execución subsidiaria tamén se pronunciará sobre a medida cautelar de incautación dos produtos resultantes desa execución.”

Emenda nº34, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Un

No apartado Un do artigo 17, modifícase o número 7 do artigo 67 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"7. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de retirada de especies. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular."

Emenda nº35, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Un

No apartado Un do artigo 17, modifícase o número 8 do artigo 67 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"8. O incumprimento das obrigas previstas no artigo 67 por parte da persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, superen o valor

catastral da parcela e non lles poidan repercutir á persoa responsable por descoñecerse a súa identidade. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública."

Emenda nº36, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Dous

Modifícase no apartado Dous, do artigo 17, o número 2 do artigo 68 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. En caso de incumprimento dos réximes de distancias mínimas aos que se refire o número anterior, a Administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa que resulte responsable consonte o artigo 140 desta lei ou o número I do artigo 21 ter da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa, segundo o que proceda, unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de retirada do arborado afectado e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, poderase proceder á execución subsidiaria a costa do obrigado e poderá acordarse a instrución do procedemento sancionador que corresponda e a medida cautelar de comiso dos produtos procedentes da corta de especies arbóreas prohibidas, se fóra o caso."

Emenda nº37, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Dous

Modifícase no apartado Dous, do artigo 17, o número 5 do artigo 68 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"5. Transcorridos os prazos sinalados neste artigo sen que a persoa responsable retire as especies arbóreas prohibidas, a Administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, sen prexuízo da repercusión dos custos á persoa responsable. Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se retire o número 2, e realizarse a súa exacción desde o momento no que se verifique o incumprimento da obriga de retirada de especies nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria. Para a liquidación dos custes correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta o a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda o custe dos traballos realizados na zona de actuación.

Cando a identidade da persoa responsable non fose coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento no que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, a resolución na que se acorde incluírá o inicio do correspondente procedemento sancionador e a medida cautelar de comiso das indicadas especies. A Administración poderá, mediante os seus propios órganos ou a través dos seus medios propios instrumentais e servizos técnicos, allear a madeira resultante.

Os importes obtidos polas execucións subsidiarias que realice a Administración forestal pasarán a formar parte do Fondo de xestión da biomasa e retirada de especies creado para o efecto no artigo 22 bis da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia."

Emenda nº38, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 17

Emenda de modificación. Artigo 17. Dous

Modifícase no apartado Dous, do artigo 17, o número 6 do artigo 68 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"6. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitarlles os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de retirada de especies. En todo caso, a administración e os seus axentes e colaboradores poderán acceder aos montes, terreos forestais e outros terreos incluídos nas faixas de xestión da biomasa para realizar os traballos necesarios de retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos excepcionais nos que o acceso afectase dentro da parcela a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución, caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular."

Emenda nº39, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 17

Emenda de adición. Artigo 17. Dous

Engádesse no apartado Dous, do artigo 17, un novo número 7 ao artigo 68 bis, da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"7, O incumprimento das obrigas ás que se refire este artigo pola persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, en caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de retirada de arborado que a Administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e non lles poidan repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a Administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do abono do xustiprezo expropiatorio, as cantidades adebedadas pola persoa propietaria por este concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobro a favor da Facenda Pública."

Emenda nº40, ao apartado Oito, de Adición. Artigo 17

Emenda de adición. Artigo 17. Oito

No artigo 17, engádese un novo apartado Oito, de modificación do artigo 136 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"Oito. Engádese un novo número 4 ao artigo 136 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"4. O órgano competente para resolver imporá acumulativamente, no seu caso, a sanción accesoria de comiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración no caso das execucións subsidiarias realizadas consonte co establecido no artigo 67 bis e 68 bis desta lei. Se a madeira se tivera alleado de acordo co establecido nesta lei, o comiso referirase ao produto obtido pola súa venda."

Emenda nº41, ao apartado Nove, de Adición. Artigo 17

Emenda de adición. Artigo 17. Nove

No artigo 17, engádese un novo apartado Nove, de modificación do Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactado como segue:

"Modifícanse as letras h) e i) do Anexo II, que quedan redactadas como segue:

h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural i) Con solo urbano, soto de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 100 metros no resto de especies
--	--

Emenda nº42, ao apartado Catro, de Adición. Artigo 18

Emenda de adición. Artigo 18. Catro

Modifícase o apartado Catro do artigo 18, que modifica o artigo 47.1 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que queda redactado como segue:

"l. As iniciativas de reestruturación de predios de natureza forestal e con destino a aproveitamentos forestais deberán definir a delimitación cartográfica do perímetro de reestruturación e as áreas excluídas do proceso, ademais de acreditar na solicitude que a agrupación está constituída por un mínimo de tres titulares e o dominio das terras correspondentes a cada partícipe da agrupación. En todo caso, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- a) A superficie mínima obxecto de reestruturación será de 15 hectáreas, formada por un ou varios subperímetros dentro da zona de reestruturación parcelaria.
- b) A superficie constituída polos enclaves das persoas titulares alleas á agrupación non poderá superar o 30% do conxunto das terras que serán obxecto de reestruturación.
- c) A xestión e o aproveitamento en común das parcelas de forma sustentable e viable:"

Emenda nº43, de Adición. Disposición adicional

Emenda de adición. Disposición Adicional

Engádesse unha nova disposición adicional, coa seguinte redacción:

“Disposición Adicional. Traspaso funcións e servizos das Deputacións Provinciais á administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

Un. Ao longo do primeiro trimestre de 2018, a Xunta de Galiza iniciará formalmente negociacións coas Deputacións Provinciais, que terá como obxecto abordar o traspaso de funcións e servizos provinciais de carácter impropio e que, por razóns de racionalización do sector público galego e eficiencia administrativa, deben ser integrados na administración galega. De xeito indicativo as áreas que se negociarán son:

1º. A transferencia á Xunta de todos os equipamentos e servizos impropios que aínda posúen ou prestan as deputacións, entre outros: centros docentes, centros de menores, bibliotecas, museos, teatros, infraestruturas deportivas, laboratorios e centros de experimentación agraria, servizos de emerxencias, parques comarcais de bombeiros e similares.

2º. Transferencia á Xunta da rede viaria principal interurbana.

3º. Avanzar na coordinación dos servizos de recadación tributaria provinciais con vistas á integración nunha Axencia Tributaria Galega.

Dous. A estes efectos, constituiranse comisións específicas, unha por cada institución provincial, compostas por membros do Goberno Galego, membros designados polo Parlamento de Galiza e deputados e deputadas da Corporación Local, que abordarán de xeito concreto as transferencias e traspasos a efectuar. As devanditas comisións deberán estar nomeadas antes do 31 de marzo de 2017 e o seu traballo deberá estar culminado antes de seis meses, onde se fixarán as datas concretas do traspaso de funcións e servizos.”

Emenda nº44, de Substitución. Disposición transitoria terceira

Emenda substitución. Disposición transitoria terceira

Substitúese o texto da Disposición transitoria terceira, quedando redactada como segue:

“Disposición transitoria terceira. Esixibilidade das novas obrigas introducidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e

defensa contra os incendios forestais de Galicia, e repercusión dos gastos de extinción dos incendios forestais

l. Serán inmediatamente esixibles desde a entrada en vigor desta lei as novas obrigas que a nova redacción dada por esta lei á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, impón ás persoas responsables e, en particular, as que derivan das seguintes disposicións:

a) Letra c) do número 1 do artigo 21.

b) Número 2 do artigo 21.

c) Número 3 do artigo 23.

Malia o anterior, o incumprimento destas obrigas só será sancionable cando persista transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta lei, agás no caso de incumprimento das obrigas previstas no artigo 21.2 respecto de campings, gasoleiras e industrias nas que se viñeran desenvolvendo actividades perigosas que xa son sancionables por tratarse dunha obriga xa existente ao abeiro da normativa modificada por esta lei."

Emenda nº45, de Adición. Disposición transitoria terceira bis

Emenda de adición. Disposición transitoria terceira bis

Debe engadirse unha nova Disposición transitoria terceira bis, co seguinte texto:

"Disposición transitoria terceira bis. Esixibilidade da nova obriga introducida nas letras h) e i) do Anexo Ilda Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

As repoboacións forestais existentes á entrada en vigor desta lei teñen un prazo máximo de tres meses desde esta data para adecuarse á nova distancia prevista nas letras h) e i) do Anexo II respecto dos últimos 20 metros dos 100 previstos para a retirada das especies distintas das frondosas do Anexo 1."

Emenda nº46, de Adición. Disposición derogatoria segunda

Emenda de adición. Disposición derogatoria segunda

Engádesse unha nova Disposición derogatoria, que pasaría a ser a segunda, co seguinte contido:

“Disposición derogatoria segunda. Queda derogada, con efectos de 1 de xaneiro de 2017, a Lei 1/2012, de Medidas Temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicándose as medidas vixentes con anterioridade á entrada en vigor de dita lei en materia de emprego público, en particular as relativas ás retribucións íntegras en situación de incapacidade temporal e á Acción Social. ”

Emenda nº47, de Adición. Disposición derradeira cuarta

Emenda de adición. Disposición derradeira cuarta

Engádesse unha nova disposición derradeira que pasa a ser a cuarta, co seguinte texto:

“Disposición derradeira cuarta. Modificacións no imposto sobre sucesións e doazóns

Un. Modifícase na alínea Dous do artigo 6 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, o apartado b), que queda redactada como segue:

«b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis e menores de 25, 900.000 euros, menos 100.000 euros por cada ano maior de 21 ata 24; de 25 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 18.000 euros. »

Dous. Modifícase o artigo 11 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. Deducións na cota tributaria

Un. Dedución para suxeitos pasivos do Grupo I.

Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no Grupo I do artigo 6.Dous do presente texto refundido, incluídas as cantidades percibidas polas persoas beneficiarias de seguros sobre a vida, practicarase unha dedución do 99 % do importe da cota


Dous. Dedución por para suxeitos pasivos do Grupo II.

1. Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no grupo II do artigo 6.Dous do presente texto refundido, aplicarase unha dedución do 100% da cota tributaria sempre que a súa base imponible fose igual ou inferior a 125.000 euros.

2.Para o cómputo do límite de 125.000 euros sinalado no apartado anterior, teranse en conta as bases impositivas dos pactos sucesorios realizados. Tamén se computarán as bases impositivas das doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables que sexan acumulables de acordo co establecido no artigo. 30 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, así como o valor dos usufrutos e outras institucións a que se refire o artigo 26 da mesma norma que se teñan en conta para a determinación do tipo medio de gravame aplicábel.»

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2017 17:49:48



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727